

IGAEM

Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais



XUNTA DE GALICIA

IGAEM 2007

Ánxela Bugallo Rodríguez
Presidenta

Luís Bará Torres
Vicepresidente do Consello Reitor

Miguel Martín Fernández
Xerente. Vogal do Consello Reitor

Francisco Fernández Naval
Secretario e vogal do Consello Reitor

Damián Francisco Álvarez Villalaín

José López-Calo

Rodrigo Romaní Blanco

Margarita Romero Lorenzo

Olga Cristina Ruíz López

Manuel Francisco Vieites García

Vogais do Consello Reitor

Natalia Balseiro Rodríguez
Coordinadora do Centro Coreográfico Galego

Cristina Domínguez Dapena
Directora do Centro Dramático Galego

Enrique Meyer Pleite
Xefe de Estudos da Escola de Altos Estudos Musicais

Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais IGAEM

Rúa da Vesada s/n
San Lázaro. 15703
Santiago de Compostela
igaem@xunta.es
www.igaem.xunta.es

Edita: IGAEM
Deseño gráfico: Uqui ||||| Cebra
Imprime: Litonor

Depósito Legal: C 1832-2008

IGAEM

Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais




XUNTA DE GALICIA



IGAEM

Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais



CENTRO
DRAMATICO
GALEGO

SALONTEATRO





ÍNDICE

Valoración xeral	11
------------------------	----

Políticas de fomento das artes escénicas e musicais	15
--	-----------

1. Mercados	17
2. Apoio á actividade escénica e musical	31
3. Promoción exterior	43
4. Medidas de apoio	47

Produción propia	55
-------------------------------	-----------

1. Centro Dramático Galego	57
2. Centro Coreográfico Galego	63
3. Escola de Altos Estudos Musicais	71

No bo camiño

Sendo conscientes, como somos, da necesidade de atendermos coa mesma constancia e intensidade todos os eidos da nosa cultura, non deixa de ser certo que as artes escénicas e a música do noso país están tendo un especial protagonismo no noso labor de goberno. Têñeno porque o merecen, sen dúbida, mais tamén porque o precisaban despois de moitos anos de desatención e rutina institucional.

A importancia simbólica e o valor cultural e social que o teatro, a danza e a música de noso tiveron e teñen na nosa conformación como unha sociedade con cultura e identidade propias é extraordinaria. Cómpre recoñecer socialmente o labor de normalización lingüística e cultural que desde as táboas dos teatros e auditorios do país foi levada a cabo polas xentes do teatro e da música, mesmo en épocas en que facer esta actividade na nosa lingua nacional era, polo contexto de ausencia de liberdades no que se daba, un acto cultural e político comprometido e connotado. Daquela altura a hoxe moito camiño se ten andado e non sen dificultades, mais hoxe a nosa cultura é dunha riqueza e vizosidade incontestable e nós seguimos felices querendo mostrala e compartila cos demais e vivíndoa nós mesmos, individual e colectivamente, para recoñecérmonos no que somos.

Desde o verán de 2005, no que o cambio de goberno posibilitou a mudanza das políticas culturais públicas na nosa nación, as artes escénicas e musicais veñen vivindo unha serie de importantes transformacións. E boa parte delas teñen que ver co labor dun IGAEM que decidiu activar o M da música e da maxia e que deseñou co sector o primeiro plan, integral e estratéxico, para o teatro e a danza do noso país, o Plan Galego das Artes Escénicas.

Neste informe de actividade o lector poderá comprobar a moi positiva evolución dos datos de facturación, número de funcións, visibilidade social, etc. –en tan só estes tres primeiros anos de acción de goberno–. De compararmos a foto fixa da situación actual coa de tres anos atrás, na de hoxe veríamos máis estabilidade económica, máis presenza social e máis articulación e vertebración profesional. O camiño avanzado, porén, aínda sendo positivo, precisa de máis esforzo e non pode ser motivo de relaxación.

A transformación do IGAEM na AGADIC vai ser un moi importante paso na aposta polos cambios estruturais que esta Consellaría defende, tanto nas polí-

ticas como nas ferramentas institucionais desde as que estas se desenvolven. Na Consellaría de Cultura e Deporte partimos da convicción de que no noso país temos propostas artísticas de moita calidade e talento e que necesitamos reforzar a base empresarial do ámbito cultural para sustentalas e achegalas aos cidadáns nas mellores condicións. Está en xogo garantir a nosa capacidade de produción cultural, isto é, de sermos nós os donos do noso discurso.

Os datos e informes que conforman este resumo da actividade do IGAEM corroboran que, neste primeiro tempo de intenso labor, estívose traballando con acerto e no bo camiño.

Ánxela Bugallo

Conselleira de Cultura e Deporte

Valoración xeral

A Consellaría de Cultura e Deporte considera que os retos actuais e futuros que a nosa cultura debe enfrontar fan preciso un cambio real, fondo e estrutural tanto das políticas públicas coma das propias estruturas administrativas desde as que esas políticas se están a impulsar. A atención, plena e acompañada, a todas as dimensións en que hoxe en día se manifesta a cultura está sendo neste sentido un obxectivo central desta lexislatura, e para iso procedeuse ao deseño da nova estrutura da Consellaría e á definición, en diálogo cos sectores afectados, das políticas sectoriais, desde un punto de vista integral e estratéxico.

Avanzando neste sentido o que vai ser a posta en marcha da Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC), desde o verán de 2005 a Consellaría de Cultura e Deporte posicionou o Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais (IGAEM) como o organismo especializado no desenvolvemento da política nas artes escénicas e musicais desde a perspectiva das industrias culturais. Das diferentes dimensións da actividade cultural, o IGAEM veu asumindo e asume aquelas relativas ao seu carácter de actividade económica estratéxica de produción para o mercado, en tanto que as relativas á creación e á cultura como servizo público quedan en mans da Dirección Xeral de Creación e Difusión Cultural.

Liñas de traballo do IGAEM na situación actual

O sector das artes escénicas e musicais está caracterizado en Galicia por unha situación de debilidade, cun tecido empresarial fragmentado e insuficientemente capitalizado, o que provoca a precariedade do mercado laboral. No referente ás artes escénicas, o principal factor limitativo desta falla de desenvolvemento é a escasa presenza social do teatro e da danza como alternativas de ocio e cultura. Como consecuencia, a produción de espectáculos de artes escénicas enfróntase cun mercado ríxido e cativo e as empresas do sector vense abocadas a unha dependencia excesiva das axudas públicas. No ámbito musical a clave do seu desenvolvemento céntrase na procura dunha maior visibilidade dos creadores e no fortalecemento do tecido industrial da música galega, que debe sustentar o talento artístico existente e achegalo aos públicos tanto de Galicia coma, fundamentalmente, do exterior.

O obxectivo central das políticas do Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais é a transformación destas situacións, na procura dun tecido empre-

sarial forte, dun mercado laboral normalizado e dunha estrutura cultural produtiva dinámica, competitiva e innovadora. A estratexia para enfrontar a actual situación de debilidade non pasa por un maior proteccionismo público, senón polo fortalecemento dos instrumentos de apoio ao sector, para posibilitar a súa capitalización e modernización, e pola articulación e potenciación dos mercados das artes escénicas e da música.

Catro son, en coherencia co que vimos de explicar, as directrices básicas que o IGAEM se marcou para as súas políticas de apoio ás artes escénicas e musicais:

1. **Estabilidade.** Incremento progresivo dos recursos financeiros de apoio ao sector, coa finalidade de contribuír á súa capitalización e á estabilización dos equipos técnicos e artísticos.
2. **Modernización e mellora.** Fomento da mellora na xestión empresarial e nos procesos de produción e distribución das empresas do sector.
3. **Articulación e potenciación do mercado.** Potenciación da presenza social das artes escénicas e musicais, captación de públicos, incremento do volume global de contratación e mellora da transparencia e dinamismo do mercado.
4. **Promoción exterior.** Incremento dos niveis de penetración da produción escénica e musical das empresas galegas nos mercados exteriores.

Un traballo que dá resultados

Ao longo dos dous primeiros anos desta lexislatura, o IGAEM enfrontou as reformas máis urxentes na articulación dos sistemas de incentivos de apoio á actividade escénica e musical e sentou as bases das reformas estruturais a medio e longo prazo. A pesar do limitado do tempo transcorrido, moitos dos efectos destas novas políticas comezan a estar á vista.

Nas artes escénicas, por exemplo, os ingresos de explotación das compañías de teatro galegas están a crecer a ritmos superiores ao 16% anual, medre que chega ata un 33,80% anual no caso do teatro de monicreques. Como consecuencia, o número de compañías teatrais que facturan máis de 100.000 euros anuais pasou de oito no ano 2005 a 21 no ano 2007. Neste tempo púxose en marcha a Rede Galega de Salas, modificouse o regulamento da Rede Galega de Teatros e Auditorios –con resultados moi positivos canto ao incremento da actividade escénica e á reordenación interna do sector–, subvencionáronse 17 proxectos de mellora nas dotacións técnicas dos espazos de programación e modificouse e completouse o esquema e filosofía das axudas directas ao sector –coa creación das axudas bianuais, as axudas á nova creación ou as axudas ao sector da maxia–. No exercicio 2008 a contía das axudas á actividade escénica (1.240.000 €) triplicará a que había en 2005 (460.677 €). Pero alén de todo isto, neste tempo deseñouse de forma participativa e integrada o Plan Galego das Artes Escénicas, o primeiro das súas características no conxunto do Estado, con orzamentos comprometidos para cada unha das medidas que contempla.

No campo da música, que partía dun claro desequilibrio canto á atención recibida e ás políticas destinadas a esta, desde 2006 vëñense poñendo en marcha medidas de nova planta no ámbito das programacións, das axudas directas e da promoción exterior, para apoiar a actividade empresarial tanto no ámbito da música gravada coma no da música ao vivo. Hoxe en día o sector musical dispón de liñas de axuda para a promoción social de traballos discográficos, para a actuación de artistas galegos fóra de Galicia ou para a presenza de empresas musicais en feiras e mercados internacionais, todas elas de creación en 2006 e 2007, ademais de novas programacións específicas e dun notable impulso á promoción exterior, coa presenza do sector nos principais mercados europeos (Womex, Midem, Popkomm) baixo a marca Galician Tunes.

Ademais, xa en 2007 e avanzando o que vai ser unha importante liña de traballo da AGADIC, puxéronse en marcha algunhas medidas que marcan o tipo de apoio ás empresas culturais que quere desenvolver a Axencia. Unha delas é o Crédito Cultura, que a Consellaría de Cultura estrea este ano en colaboración con distintas caixas de aforros. Trátase dun programa mediante o que as empresas galegas de artes escénicas e musicais poden beneficiarse de condicións vantaxosas na adquisición dos seus préstamos para o desenvolvemento de actividades de produción e distribución de espectáculos, así como de traballos discográficos.

No camiño da AGADIC

No próximo exercicio o IGAEM dará continuidade ás iniciativas emprendidas no ano 2006, especialmente no referente ao progresivo incremento dos recursos financeiros de apoio ao sector, ao fomento dos axentes mais dinámicos e innovadores, á procura dunha maior presenza da música e a danza nas súas políticas e á busca da calidade e a eficiencia na xestión. Mais, fundamentalmente, o próximo exercicio é o da abordaxe das reformas de carácter estrutural do IGAEM, que permitirán adaptar a súa estrutura ás novas necesidades e dotar a Consellaría de Cultura e Deporte dun instrumento áxil e eficaz de apoio aos distintos sectores, coa creación da AGADIC.

A Consellaría marcou como un dos seus obxectivos centrais a promoción e apoio dunhas industrias culturais dinámicas e innovadoras. O traballo da AGADIC farase non desde unha perspectiva sectorial, senón aplicando de xeito transversal a perspectiva das industrias culturais a todos os sectores cos que traballe (artes escénicas, música, audiovisual, libro). A necesidade de crear e fortalecer este tecido empresarial propio no ámbito da cultura susténtase nunha dobre prioridade económica e identitaria. Por un lado, Galicia debe aproveitar a súa identidade como un valor para producir bens e servizos culturais de alto valor engadido no mercado, pola súa especificidade e diferenciación. Por outro, precisamos como país industrias culturais propias para seguir tendo capacidade produtiva de noso no ámbito cultural. Está en xogo, hoxe, seguirmos a ser unha sociedade *produtora* capaz de xerar contidos e discurso desde si mesma, que non se resigna a un papel de simple receptora pasiva, ou pola contra converternos nun territorio máis dos que conformarán a xeografía do consumo.

POLÍTICAS DE FOMENTO DAS ARTES ESCÉNICAS E MUSICAIS

MERCADOS

Rede Galega de Teatros e Auditorios

Niveis de contratación

Niveis de asistencia de públicos

Espazos escénicos

APOIO Á ACTIVIDADE ESCÉNICA E MUSICAL

Apoio á actividade escénica

Xestión das axudas á actividade escénica

Evolución da actividade do sector

Apoio á actividade musical

Desenvolvemento empresarial

Plan de formación

Fomento do asociacionismo profesional

Apoio á creación

PROMOCIÓN EXTERIOR

Axudas á distribución exterior
no ámbito das artes escénicas

Axudas á distribución exterior
no ámbito da música

MEDIDAS DE APOIO

Comunicación social

<http://igaem.xunta.es>
e_scena

Publicacións

Coleccións

Publicacións periódicas

Prospectiva

1. Mercados

A área de mercados ten como obxectivo a potenciación dos mercados interiores para a produción escénica e musical galega, utilizando como instrumento fundamental a articulación de redes de espazos escénicos e o impulso ás súas programacións. O exercicio 2007 supuxo unha renovación importante das políticas desenvolvidas polo Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais. Por unha banda, desde xaneiro de 2007 fixéronse efectivas as liñas de reforma da Rede Galega de Teatros e Auditorios pactadas cos diferentes axentes culturais na comisión técnica de reforma da Rede ao longo de 2006. Por outra, creáronse dous novos circuitos de espazos de exhibición de titularidade privada –a Rede Galega de Salas e a Rede Galega de Música ao Vivo– destinados a promover as programacións estables de teatro, danza e música.

O balance das reformas emprendidas é claramente positivo. A redefinición da Rede Galega de Teatros e Auditorios supuxo un incremento no exercicio 2007, con respecto ao 2006, do 22% no número de espazos escénicos, do 8% na programación e do 25% nas dotacións económicas. A posta en marcha da Rede Galega de Salas e da Rede Galega de Música ao Vivo permitiu incorporar ás programacións 53 novos espazos de exhibición, cunha oferta de case 1.000 actuacións e un orzamento de 450.000 euros. De forma conxunta, ambas as reformas supuxeron que os orzamentos de programacións do exercicio 2007 case que duplicasen os de 2005, ao tempo que as programacións de teatro creceron nun 50%, e as de maxia e música se multiplicaron por 3,8 e por 20 respectivamente.

Porén, a valoración positiva do comportamento das redes e das programacións non está exenta dalgúns puntos débiles. En primeiro lugar, a diferenza das programacións de teatro, maxia e música, as de danza non mostraron unha evolución positiva neste último ano, e esta tendencia é aínda visible nas propostas de programación correspondentes ao primeiro semestre de 2008. En segundo lugar, o importante crecemento no volume de contratación das redes non foi acompañado dun paralelo crecemento dos públicos. Isto obrigará a afrontar ao longo do exercicio 2008 a introdución de elementos correctores na oferta de programacións de danza e á realización dun importante esforzo nas políticas de comunicación e captación de públicos.

Cadro 1. Evolución global das programacións de artes escénicas e musicais

	2005			2006			2007			2008 ¹		
	Salas	Funcións	Orzamento	Salas	Funcións	Orzamento	Salas	Funcións	Orzamento	Salas	Funcións	Orzamento
RGTA	44	552	1.405.318,82	45	688	1.748.887,13	50	745	2.177.186,90	55	856	2.500.000,00
RGS	0	0	0,00	0	0	0,00	5	144	69.200,00	5	168	112.500,00
RGMV	0	0	0,00	0	0	0,00	48	834	380.720,00	47	603	357.558,00
Total	44	552	1.405.318,82	45	688	1.748.887,13	103	1.723	2.627.106,90	107	1.627	2.970.058,00

(1) Previsións orzamentarias e de programación para o exercicio 2008.

Cadro 2. Evolución das programacións por disciplinas artísticas

	2005		2006		2007		2008 ¹	
	Funcións	Orzamento	Funcións	Orzamento	Funcións	Orzamento	Funcións	Orzamento
Teatro	466	1.077.083,32	501	1.214.470,83	703	1.892.581,42	795	2.114.163,00
Danza	29	168.711,20	39	192.849,60	73	183.304,00	99	233.322,00
Maxia	19	44.270,00	66	159.202,06	72	180.697,00	96	181.188,00
Música	38	115.254,30	82	182.364,64	791	440.836,00	637	443.827,00
Total	552	1.405.318,82	688	1.748.887,13	1.639	2.697.418,42	1.583	2.972.500,00

(1) Previsións orzamentarias e de programación para o exercicio 2008.

Gráfico 1. Orzamentos totais de programación





Gráfico 2. Distribución por disciplinas



A reforma da Rede Galega de Teatros e Auditorios supuxo un incremento
número de espazos escénicos, do 8%

1.1. Rede Galega de Teatros e Auditorios

1.1.1. Niveis de contratación

A reforma da Rede Galega de Teatros e Auditorios tiña como finalidade a ampliación dos niveis de contratación e a reordenación do mercado, reducindo o volume da oferta de espectáculos e incrementando os niveis medios de contratación por compañía, sen incidir negativamente na facturación por función. Mentres que a evolución positiva dos niveis de contratación é visible xa desde o ano 2006, cun incremento interanual próximo ao 25%, os efectos da reforma da RGTA aparecen na programación de 2007, que supón unha clara ruptura respecto das anteriores liñas de tendencia. O axuste da oferta reflíctese nunha redución do 30% dos espectáculos en exhibición, ao tempo que os niveis medios de contratación pasan das 4,05 funcións e 10.287,57 euros por compañía en 2006, ás 7,33 funcións e 21.408 euros por compañía no último período anual completo de programación. Todo isto, sen afectar negativamente á facturación por función, que pasa de 2.542 euros a 2.919 euros.

A programación de teatro é o mellor expoñente da evolución da RGTA como mercado escénico e musical. Nun período de pouco máis de dous anos o volume global de facturación practicamente duplicouse e a contratación media por compañía pasou de 7,17 funcións e 16.570 euros a 9,91 funcións e 29.461 euros. A evolución das compañías con maiores niveis de contratación ofrécenos unha panorámica mais clara: nos últimos períodos de contratación as dez compañías con maior nivel de distribución contratan unha media de 25 funcións, cunha facturación media de 85.000 euros, e son xa catro as compañías que superan a barreira dos 100.000 euros. Malia que os actuais niveis de facturación aínda deben ser mellorados, a comparativa demostra que as reformas están a permitir achegarse progresivamente aos niveis de facturación óptimos.

Cadro 3. Evolución global da contratación na RGTA

	2005	2006	2007	2008 ¹
Espazos escénicos	44	45	50	55
Gasto total	1.405.318,82	1.748.887,13	2.177.186,90	2.440.521,79
IGAEM	736.411,83	882.903,25	1.140.755,03	1.288.703,59
Outras entidades	668.906,99	865.983,88	1.036.431,87	1.151.818,20
Compañías	111	170	128	114
Espectáculos	185	229	153	147
Funcións	552	688	745	856
Media de funcións por compañía	4,97	4,05	5,82	7,51
Facturación media por compañía	12.660,53	10.287,57	17.009,27	21.408,09
Facturación media por función	2.545,87	2.541,99	2.922,40	2.919,28

(1) Último período anual completo de contratación (setembro de 2007 a xuño de 2008).

do 22% no
na programación e do 25% nas dotacións económicas ■

Nas restantes disciplinas artísticas a evolución dos datos de contratación presenta patróns de comportamento diverxentes. Como se comentaba con anterioridade, a danza é a única das disciplinas artísticas que mostra unha evolución negativa durante o período considerado. Os volumes globais de contratación sofren un lixeiro descenso e o paralelo aumento no número de compañías participantes nas programacións provoca un descenso nos niveis unitarios de contratación e facturación. No caso da música a redución do volume global de contratación a partir do exercicio 2007 é resultado da posta en marcha da Rede Galega de Música ao Vivo e da conseguinte configuración da Rede Galega de Teatros e Auditorios como un espazo preferente de exhibición de espectáculos de artes escénicas. Por último, no caso da maxia realizouse un esforzo importante a partir do exercicio 2006 por promover a entrada e consolidación desta disciplina artística dentro das programacións da Rede, que supuxo o incremento desde 44.270 euros ata 180.697 euros dos volumes de facturación.

Gráfico 3. Evolución global das principais ratios




Gráfico 5. Evolución das principais ratios: teatro




Gráfico 4. Evolución global dos principais indicadores





Gráfico 6. Evolución dos principais indicadores: teatro



(1) Último período anual completo de contratación (setembro de 2007 a xuño de 2008).

Cadro 4. Evolución da contratación de teatro na RGTA

	2005	2006	2007	2008 ¹
Teatro infantil				
Compañías	25	30	39	24
Espectáculos	55	61	39	28
Funcións	157	159	192	227
Orzamento	267.901,88	226.826,68	355.011,95	467.556,25
Media de funcións por compañía	6,28	5,3	4,92	9,46
Facturación media por compañía	10.716,08	7.560,89	9.102,87	19.481,51
Facturación media por función	1.706,38	1.426,58	1.849,02	2.059,72
Teatro para adultos				
Compañías	40	44	39	43
Espectáculos	77	68	52	57
Funcións	309	342	401	437
Orzamento	809.181,44	987.644,15	1.394.377,95	1.506.388,54
Media de funcións por compañía	7,73	7,77	10,28	10,16
Facturación media por compañía	20.229,54	22.446,46	35.753,28	35.032,29
Facturación media por función	2.618,71	2.887,85	3.477,25	3.447,11
Total teatro				
Compañías	65	74	78	67
Espectáculos	132	129	91	85
Funcións	466	501	593	664
Orzamento	1.077.083,32	1.214.470,83	1.749.389,90	1.973.944,79
Media de funcións por compañía	7,17	6,77	7,60	9,91
Facturación media por compañía	16.570,51	16.411,77	22.428,08	29.461,86
Facturación media por función	2.311,34	2.424,09	2.950,07	2.972,81

(1) Último período anual completo de contratación (setembro de 2007 a xuño de 2008).

Cadro 5. Evolución dos niveis de contratación das 10 compañías de teatro con maior facturación na RGTA

	2005	2006	2007	2008 ¹
Número de compañías en rede				
Con máis de 25 funcións contratadas	2	2	4	5
Con máis de 40.000 euros facturados	5	9	12	13
Datos das 10 compañías con maior contratación²				
Funcións	189	196	245	253
Media de funcións por compañía	18,90	19,60	24,50	25,30
Facturación media por compañía	47.575,34	69.526,13	85.240,32	86.745,08

(1) Último período anual completo de contratación (setembro de 2007 a xuño de 2008).

(2) Datos das 10 compañías con maior nivel de contratación en cada un dos períodos considerados.

[...]

[...] Cadro 5

	2005		2006		2007		2008 ¹	
	Funcións	Facturación	Funcións	Facturación	Funcións	Facturación	Funcións	Facturación
Teatro do Atlántico	20	69.600,00	22	69.032,76	31	107.201,80	28	107.589,00
Teatro do Morcego	37	78.925,00	14	39.400,00	22	78.900,00	30	105.675,00
Talia Teatro	11	17.205,00	15	30.315,00	21	46.990,00	45	105.220,00
Teatro do Noroeste	12	24.940,00	17	77.430,00	22	122.716,40	21	101.776,80
Teatro de Ningures	20	54.848,00	18	62.168,00	24	79.275,00	27	90.825,00
Sarabela Teatro	25	63.270,92	34	92.167,06	39	104.392,50	27	78.652,50
Teatro Galileo	8	24.635,00	6	21.975,00	16	49.013,00	23	78.106,75
Teatro de Adro	18	33.930,00	5	11.600,00	11	32.960,00	21	62.720,00
Berrobambán	0	0,00	2	3.000,00	15	48.150,00	16	62.350,00
Lagarta Lagarta	6	16.704,00	28	92.220,00	34	106.302,40	19	61.561,20
	157	384.057,92	161	499.307,82	235	775.901,10	257	854.476,25

(1) Último período anual completo de contratación (setembro de 2007 a xuño de 2008).

Cadro 6. Evolución da contratación de danza, maxia e música na RGTA

	2005	2006	2007	2008 ¹
Danza				
Compañías	9	14	17	14
Espectáculos	10	16	18	22
Funcións	29	39	39	39
Orzamento	168.711,20	192.849,60	166.264,00	153.322,00
Media de funcións por compañía	3,22	2,79	2,29	2,79
Facturación media por compañía	18.745,69	13.774,97	9.780,24	10.951,57
Facturación media por función	5.817,63	4.944,86	4.263,18	3.931,33
Maxia				
Compañías	7	22	22	16
Espectáculos	7	22	22	22
Funcións	19	66	72	96
Orzamento	44.270,00	159.202,06	180.697,00	181.188,00
Media de funcións por compañía	2,71	3,00	3,27	6,00
Facturación media por compañía	6.324,29	7.236,46	8.213,50	11.324,25
Facturación media por función	2.330,00	2.412,15	2.509,68	1.887,38
Música				
Compañías	30	60	22	17
Espectáculos	36	62	22	18
Funcións	38	82	41	37
Orzamento	115.254,30	182.364,64	80.836,00	82.067,00
Media de funcións por compañía	1,27	1,37	1,86	2,18
Facturación media por compañía	3.841,81	3.039,41	3.674,36	4.827,47
Facturación media por función	3.033,01	2.223,96	1.971,61	2.218,03

(1) Último período anual completo de contratación (setembro de 2007 a xuño de 2008).

1.1.2. Niveis de asistencia de públicos

A diferenza dos niveis de programación, que mostran incrementos interanuais superiores ao 25%, a información sobre públicos presenta unha evolución negativa entre 2006 e 2007. O exercicio 2006 pechouse cunha media acumulada de preto de 160 espectadores por función, o que supuña un nivel medio de ocupación do 40% da oferta de prazas, moi preto dos niveis de sistemas teatrais consolidados como o catalán. Porén, os datos de 2007 reflicten unha media acumulada de 130 espectadores por función, correspondente a unha ocupación do 35%.

Conforme a valoración realizada desde este Instituto, esta disparidade na información sobre asistencia ás programacións responde non tanto a unha diminución real como aos axustes realizados no control das programacións e dos procesos de recollida de datos. Neste sentido, a introdución das follas de billeteira como instrumento obrigatorio de certificación dos datos de recadación e de asistencia e a supresión das funcións ao aire libre e das funcións escolares contribuíron a un mellor control e validación da información de públicos, de forma que os datos correspondentes ao exercicio 2007 presentarían un mellor axuste coa realidade. As cifras de facturación corroboran esta hipótese: a pesar de que 2007 remata con 30 espectadores menos por función, a recadación crece nun 7,24%.

A partir de outono de 2007, os niveis medios de asistencia por función superan os de 2006 nunha porcentaxe próxima ao 10%

En calquera caso, esta matización na interpretación dos resultados de públicos e facturación non impide concluír que a positiva evolución nos niveis de contratación da Rede Galega de Teatros e Auditorios non se viu acompañada por unha paralela ampliación dos niveis de asistencia de públicos, e que os actuais datos de públicos e facturación por función están sensiblemente por baixo dos niveis óptimos. A comparativa cos dez teatros e auditorios con maiores e menores cifras de facturación e asistencia de públicos facilítanos algunha orientación sobre os obxectivos potenciais que poden ser acadados cunha adecuada política de programación e comunicación. O dato positivo é que, a partir do outono de 2007, os niveis medios de asistencia por función están a superar os de 2006 nunha porcentaxe próxima ao 10%.

Cadro 7. Comparativa entre os 10 teatros e auditorios con maior e menor nivel de asistencia de públicos

	Mayor asistencia	Media 2007	Menor asistencia
Funcións	179,00	688,00	119,00
Espectadores	33.476,00	84.809,00	6.445,00
Facturación	119.409,00	254.293,12	13.020,46
Esp./función	187,02	123,27	54,16
Fact./función	667,09	369,61	109,42

Cadro 8. Evolución dos datos de asistencia de público e facturación da RGTA. Comparativa 2006-2007

2006 ¹	xan.	febr.	mar.	abr.	maio	xuño	set. ²	out.	nov.	dec.
Funcións	27,00	59,00	70,00	55,00	55,00	21,00	59,00	69,00	97,00	90,00
Espectadores	5.513,00	9.803,00	12.873,00	7.820,00	6.650,00	4.190,00	16.702,00	9.183,00	12.378,00	10.461,00
Ocupación	52,77%	42,84%	46,73%	36,88%	37,51%	40,59%	45,02%	41,31%	56,76%	32,12%
Facturación	10.590,00	32.992,60	49.990,00	25.030,80	10.464,30	3.864,00	13.585,70	17.427,00	27.806,30	16.049,30
Esp./función	204,19	166,15	183,90	142,18	120,91	199,52	283,08	133,09	127,61	116,23
Fact./función	392,22	559,20	714,14	455,11	190,26	184,00	230,27	252,57	286,66	178,33
2007	xan.	febr.	mar.	abr.	maio	xuño	set.	out.	nov.	dec.
Funcións	44,00	64,00	81,00	79,00	72,00	25,00	36,00	84,00	89,00	114,00
Espectadores	6.302,00	9.994,00	8.814,00	7.348,00	7.770,00	2.419,00	4.608,00	10.782,00	12.541,00	14.243,00
Ocupación	38,84%	40,25%	28,64%	27,87%	29,53%	28,52%	29,35%	34,67%	32,89%	33,82%
Facturación	17.380,56	29.804,05	30.888,67	21.335,03	20.115,50	8.059,50	16.862,00	31.948,00	39.406,00	38.186,00
Esp./función	143,23	156,16	108,81	93,01	107,92	96,76	128,00	128,36	140,91	124,94
Fact./función	395,01	465,69	381,34	270,06	279,38	322,38	468,39	380,33	442,76	334,96

(1) Os totais non coinciden cos datos recollidos no cadro 3 porque no control de asistencia non está integrada a totalidade das programacións.
(2) No exercicio 2006 a programación da RGTA desenvólviase ininterrompidamente ao longo do verán, polo que os datos recollidos para setembro de 2006 correspóndense con xullo, agosto e setembro.

Gráfico 7. Espectadores por función. Datos acumulados





Gráfico 8. Espectadores por función. Evolución mensual



A programación de teatro é o mellor expoñente da evolución da RGTA, duplicou a facturación global, ao tempo que a contratación media por

Gráfico 9. Facturación por función. Datos acumulados





Gráfico 10. Facturación por función. Evolución mensual



1.1.3. Espazos escénicos

No exercicio 2007, a través da convocatoria de subvencións ás dotacións e investimentos para a Rede Galega de Teatros e Auditorios, financiáronse nove proxectos de mellora das dotacións técnicas, por un importe de 120.000 euros e cun volume de investimento global de 223.156,82 euros.

Cadro 9. Evolución das axudas a dotacións e investimentos da RGTA

	2006	2007	%
N.º solicitudes	18	25	38,89%
N.º proxectos aprobados	8	9	12,50%
% proxectos aprobados	44,44%	36,00%	-19,00%
Orzamento	120.000,00	120.000,00	0,00%
Orzamento total	210.144,50	223.156,82	6,19%
Orzamento por proxecto	15.000,00	13.333,33	-11,11%
Orzamento total por proxecto	26.268,06	24.795,20	-5,61%

Cadro 10. Proxectos subvencionados na convocatoria de axudas do ano 2007

Entidade	Subvención	Investimento total
Concello de Pontevedra	20.000,00	33.333,33
Concello de Vilagarcía de Arousa	8.199,00	13.665,00
Concello de Muros	13.500,00	27.703,67
Concello de Carballo	9.238,70	15.397,83
Concello de Arteixo	20.000,00	33.333,33
Concello de Santiago de Compostela	4.266,92	7.111,53
Concello de Burela	18.721,64	37.433,28
Concello de Monforte de Lemos	20.000,00	45.055,95
Concello de Vilalba	6.073,74	10.122,90

xa que no último bienio case

compañía pasou de 7,17 funcións e 16.570 € a 9,91 funcións e 29.461 € ■

1.2. Circuitos privados

1.2.1. Rede Galega de Salas

Durante o exercicio 2007 púxose en marcha a Rede Galega de Salas, destinada a promover programacións estables de espectáculos de artes escénicas e a apoiar a consolidación dun circuito de espazos de exhibición de titularidade privada. En relación ás programacións, a Rede Galega de Salas aposta por un modelo baseado en espectáculos de pequeno formato, especialmente de creación contemporánea e para público infantil, cunha maior permanencia en praza. Na programación do ano 2007 participaron un total de 38 compañías, cunha oferta de 47 espectáculos, que desenvolveron 144 funcións en cinco espazos escénicos. No primeiro semestre do ano 2008 realizáranse 101 funcións, correspondentes a 28 compañías e 29 espectáculos, polo que é previsible que a programación do ano supere significativamente a de 2007 (a previsión orzamentaria é de 150 funcións, cun custo unitario medio de 750 euros). En relación coa consolidación dunha rede de espazos de exhibición de titularidade privada, a programación da Rede Galega de Salas vén reforzar a política de axudas directas. En 2007 o apoio do Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais ás salas de titularidade privada alcanzou os 190.000 euros, entre as axudas directas e o apoio á programación, fronte aos 95.000 euros de 2006. No exercicio 2008 está previsto que esta cifra chegue ata os 312.500 euros.

A Rede Galega de Salas e as novas políticas de apoio ás redes de espazos escénicos de titularidade privada teñen unha incidencia directa na evolución económica destes espazos. Entre os anos 2005 e 2007 os ingresos das salas crearon preto dun 60%, grazas fundamentalmente ao tirón dos ingresos por venda de entradas, que se triplicaron neste período. Como consecuencia, as salas pasan dunha situación de déficit no balance entre ingresos e gastos (-4,8%) a unha situación de superávit (20,5%). Se en 2005 as subvencións supuñan un 55% dos ingresos das salas, fronte a un 17% procedente da venda de entradas, na actualidade a dependencia das transferencias públicas reduciuse ao 35% e a venda de entradas implica xa un 33% dos ingresos.

A creación da Rede Galega de Salas supuxo a apertura dun novo espazo de exhibición para os espectáculos de creación contemporánea e para os destinados ao público infantil, así como un reforzo das programacións e do equilibrio financeiro das salas de titularidade privada. Non obstante, igual que sucede no caso da Rede Galega de Teatros e Auditorios, os datos de evolución da asistencia de públicos indican que é preciso un maior esforzo nas políticas de promoción e comunicación.

A venda de entradas representa xa un 33% dos ingresos dos espazos

Cadro 11. Programación da Rede Galega de Salas

	2007	1º semestre 2008
Compañías	38	28
Espectáculos	47	29
Funcións	144	101
Orzamento	69.200,00	60.800,00
Funcións por compañía	3,79	3,61
Orzamento por compañía	1.821,05	2.171,43
Orzamento por función	480,56	601,98

Cadro 12. Evolución das axudas directas a salas de titularidade privada

	2006	2007	%
N.º solicitudes	5	6	20,00%
N.º proxectos aprobados	4	6	50,00%
% proxectos aprobados	80,00%	100,00%	25,00%
Orzamento	95.000,00	120.000,00	26,32%
Orzamento por proxecto	23.750,00	20.000,00	-15,79%

Cadro 13. Evolución dos ingresos e gastos medios das salas de titularidade privada

	2005	2006	2007	% 2005-07
Ingresos por venda de entradas	14.647,55	22.394,13	44.432,44	203,34%
Axudas e subvencións	46.595,63	36.824,03	46.487,23	-0,23%
Outros ingresos	23.213,69	33.583,62	42.862,87	84,64%
Total ingresos	84.456,87	92.801,98	133.782,54	58,40%
Total gastos	88.712,16	104.397,04	111.053,73	25,18%

Cadro 14. Evolución dos datos de asistencia de público e facturación da RGS

2007	febr.	mar.	abr.	maio	xuño	set.	out.	nov.	dec.
Funcións	27,00	32,00	11,00	16,00	12,00	10,00	8,00	8,00	17,00
Espectadores	1.093,00	1.115,00	331,00	405,00	239,00	208,00	199,00	314,00	388,00
Ocupación	36,12%	34,32%	38,87%	36,43%	32,00%	33,16%	44,96%	38,80%	37,48%
Facturación	6.045,00	5.954,50	1.504,50	1.481,00	1.490,00	1.042,00	1.042,00	1.350,00	2.021,00
Esp./función	40,48	34,84	30,09	25,31	19,92	20,80	24,88	39,25	22,82
Fact./función	223,89	186,08	136,77	92,56	124,17	104,20	130,25	168,75	118,88

privados que integran a Rede Galega de Salas,
reducindo nun 35% a súa dependencia das transferencias públicas ■

1.2.2. Rede Galega de Música ao Vivo

A apertura da Rede Galega de Música ao Vivo significou a posta en marcha da primeira programación específica de carácter estable para a música popular galega. Na súa configuración apostouse por un modelo de salas de titularidade privada cunha combinación de volumes elevados de contratación e cachés axustados, coa finalidade de proporcionarlles ás formacións musicais un mercado complementario do estival. A diferenza do modelo da Rede Galega de Teatros e Auditorios, na Rede Galega de Música ao Vivo estableceuse un formato regrado, cun sistema de preselección dos grupos participantes e dous niveis de cachés preestablecidos. Na preselección concedéuselles unha especial atención ás novas bandas. Na programación participaron un total de 75 formacións, 50 delas de nova creación, que realizaron un total de 834 actuacións.

A creación da Rede Galega de Música ao Vivo permitiu incrementar notablemente o volume de contratación de espectáculos musicais por parte das salas de titularidade privada, mellorar sensiblemente as condicións económicas do mercado e facilitar a posta en valor de numerosas propostas artísticas de novos creadores. Pero aínda que o balance global foi netamente positivo e a RGMV tivo unha acollida moi favorable por parte do conxunto dos axentes do sector, a experiencia do primeiro ano de funcionamento mostrou certos desaxustes no proceso de selección dos grupos e configuración da programación, así como problemas nos niveis de asistencia de públicos similares aos das programacións de teatro e danza. Para afrontar estes puntos débiles, no exercicio 2008 aplicouse o modelo de contratación e programación da RGTA, de forma que as formacións tiveron autonomía na formulación das propostas económicas e artísticas e as salas na formulación das propostas de programación. Como consecuencia, a programación de 2008 reduce o volume de actuacións, ao tempo que mellora as condicións económicas de cada unha delas.

Cadro 15. Programación da Rede Galega de Música ao Vivo

	2007	2008
Salas	48	47
Grupos	75	81
Concertos	834	603
Orzamento	380.720	357.558
Funcións por grupo	11,12	7,44
Orzamento por grupo	5.076,26	4.414,29
Orzamento por bolo	456,50	592,97

Cadro 16. Evolución dos datos de asistencia de público e facturación da RGMV

2007	febr.	mar.	abr.	maio	xuño	out.	nov.	dec.
Funcións	89,00	139,00	125,00	108,00	89,00	78,00	117,00	53,00
Espectadores	4.762,00	6.642,00	6.039,00	4.865,00	4.146,00	3.208,00	5.009,00	2.371,00
Ocupación	27,20%	22,24%	27,90%	25,86%	26,37%	36,31%	34,98%	36,86%
Facturación	11.110,00	16.341,50	15.207,00	13.447,50	9.162,00	8.708,00	13.392,00	6.813,00
Esp./función	53,51	47,78	48,31	45,05	46,58	41,13	42,81	44,74
Fact./función	124,83	117,56	121,66	124,51	102,94	111,64	114,46	128,55

A creación da Rede Galega de Música ao Vivo supuxo o incremento da
por parte das salas privadas, a mellora das condicións económicas

1.3. Promoción

1.3.1. Artes escénicas

Durante o exercicio 2007 desenvolvéronse novos soportes de promoción para o teatro e a danza de Galicia, tanto no que atinxe á difusión da actividade dos dous principais circuítos de distribución que promove o IGAEM, a Rede Galega de Teatros e Auditorios e a Rede Galega de Salas, como no tocante a outras actividades de repercusión para o conxunto das artes escénicas. No primeiro apartado, 2007 foi o ano de redefinición das liñas gráficas, contidos e distribucións de todos os folletos de promoción editados polo Instituto, así como o de aparición da revista *Paraíso* como principal medio de promoción da RGTA a través dun coidado tratamento aos protagonistas do feito escénico galego.

Esta nova política baseouse no primeiro semestre na revisión do enfoque dos folletos de programación da RGTA, o que deu como resultado a elaboración dunha serie de 12 modelos dun total de 40.000 impresos despregables, baixo o lema común *Ponte en escena!*, agrupados a dous niveis: por tipos de programación (teatro, maxia, monicreques, danza e música de cámara) e por concellos de áreas xeográficas próximas. O éxito de aceptación que supuxo o lanzamento no mes de marzo de *Paraíso* (da que foi preciso aumentar a tiraxe dos 6.000 exemplares inicialmente previstos ata os 10.000) propiciou que se potenciase esta cabeceira como principal soporte de promoción da RGTA. En setembro imprimíronse 9.000 exemplares do seu segundo número.

Ademais, para aumentar a visualización por parte do público e para potenciar a imaxe de marca da RGTA, facilitáronse 50 *displays* identificativos a todos os espazos da Rede, que serviron como expositores de folletos e revista.

Outros programas do IGAEM contaron así mesmo cos seus impresos de difusión. A Rede Galega de Salas gozou da distribución de 23.500 programas de man (en dúas entregas semestrais) nos que se reproducía a súa ampla actividade. Tamén se dispuxo de material específico (logotipos, carteis, programas, *dossiers*, anuncios, accións de promoción, etc.) para eventos de relevancia que tiveron lugar o pasado ano, como foron a conmemoración do 125 aniversario do teatro galego ou a Feira Galega das Artes Escénicas.

Nun apartado máis xenérico e transversal á actividade do IGAEM, viron a luz 4.000 exemplares da *Guía de subvencións 2007* e outros 4.000 da *Guía de programación*s.

contratación de concertos

do mercado e a posta en valor das propostas de novos creadores ■

O traslado aos usuarios do material publicado estivo garantido mediante a súa distribución –tanto postal como electrónica– a destinatarios individuais e colectivos de interese, mediante a súa presenza física en feiras e mercados do sector, así como pola disposición da meirande parte destas publicacións en formato pdf para a súa descarga a través das webs xestionadas polo IGAEM.

A todo o anterior hai que engadir a carteleira de espectáculos que se mantivo semanalmente, ata o mes de setembro, ocupando a páxina da contraportada do suplemento *Fugas* do xornal *La Voz de Galicia* e outras insercións puntuais de anuncios e encartes nos medios de comunicación galegos. Tamén contribuíron á promoción da programación de artes escénicas as tres quendas dunha campaña de *spots* realizada en Televisión de Galicia, coincidindo con tres momentos importantes para a escena do país: a celebración en marzo do Día Mundial do Teatro, a conmemoración dos 125 anos do teatro galego en agosto e a Feira Galega das Artes Escénicas en outubro.

1.3.2. *Música*

A posta en marcha en 2007 da Rede Galega de Música ao Vivo deu lugar ao deseño dunha nova liña de comunicación que cubrixe as necesidades de promoción non só dos concertos, senón tamén dos grupos e solistas inseridos neste proxecto. Así, a programación da RGMV estivo á disposición do público mediante a edición e distribución de tres folletos cuatrimestrais co seu calendario de recitais, unha páxina web específica, que –configurada a modo de buscador– estivo aloxada no subdominio da web da Consellaría de Cultura e Deporte http://culturaedeporte.xunta.es/rede_galega/, o programa semanal radiofónico *Radio oceánica* que se mantivo en Radio Galega Música en colaboración coa Radio Galega, así como a presenza en revistas especializadas (*Mondosonoro*, *Rockdeluxe*, etc.), que facilitaron o coñecemento desta programación entre o seu público obxectivo.

O éxito de aceptación que supuxo o lanzamento da revista ‘Paraíso’
propiciou que se potenciase

2. Apoio á actividade escénica e musical

O Plan Anual de Actividades do IGAEM establece como obxectivo central das súas políticas a transformación da actual situación do sector escénico e musical na procura dun tecido empresarial forte, dun mercado laboral normalizado e dunha estrutura cultural produtiva dinámica, competitiva e innovadora, mediante unha estratexia non de maior proteccionismo público, senón de fortalecemento dos instrumentos de apoio ao sector que posibiliten a súa capitalización e modernización. No plan anual establécense catro directrices básicas para acadar este obxectivo: estabilidade, a través do incremento progresivo dos recursos financeiros de apoio ó sector; modernización, mellorando a xestión empresarial e os procesos de produción e distribución; articulación e potenciación do mercado, e promoción exterior. As dúas primeiras quedan encadradas neste apartado de medidas de apoio á actividade escénica e musical.

No exercicio 2007 pódense resaltar tres áreas clave de actividade: a ampliación do sistema de incentivos a todas as disciplinas artísticas, coa posta en marcha das subvencións para empresas discográficas e para o sector da maxia; o desenvolvemento do sistema de servizos de apoio á modernización e a mellora da xestión empresarial e, sobre todo, a potenciación dos instrumentos financeiros existentes. No caso dos servizos de desenvolvemento empresarial habería que destacar a implantación dun programa experimental para o deseño e o establecemento de plans de mellora da xestión nas empresas de artes escénicas e musicais, e constatar que a posta en marcha do programa Crédito Cultura, dirixido a facilitar o acceso das empresas escénicas e musicais ao financiamento bancario, non se produciu ata xaneiro de 2008.

No referente á potenciación dos instrumentos financeiros, parece indubidable que, aínda que se deberá continuar co incremento progresivo das dotacións nos próximos exercicios, e así está previsto no Plan Galego das Artes Escénicas, hai un salto cualitativo nos niveis de apoio ao sector escénico, que se inicia no exercicio 2006 e que rompe coa dinámica de moitos anos. Pero o máis relevante é o impacto que este incremento nas dotacións, xunto coas reformas implantadas nas redes e programacións do IGAEM, ten sobre a situación das empresas de teatro, danza e maxia, cuxos ingresos crecen a taxas interanuais que oscilan entre o 16% e o 33%. Isto demostra que o sector está a aproveitar o marco favorable que desde as administracións se está a promover e que o incremento nas axudas públicas non está a significar maior dependencia, senón que lles está permitindo ás empresas gañar en autonomía e competitividade.

esta cabeceira como principal soporte de promoción da RGTA e da RGS ■

2.1. Apoio á actividade escénica

2.1.1. Xestión das axudas á actividade escénica

A convocatoria de subvencións ao sector escénico e musical do exercicio 2007 tiña como principais directrices, en relación coas axudas á actividade escénica, a introdución da figura das subvencións bianuais e a continuidade no incremento das dotacións económicas, que pasaron de 785.000 euros en 2006 a 960.000 euros en 2007. A convocatoria xeral de subvencións complementouse posteriormente coa convocatoria de axudas para investimentos produtivos das empresas do sector da maxia.

As novidades introducidas permitiron que 21 compañías de teatro e danza se acollesen á modalidade automática de axudas bianuais e que sete empresas de maxia accedesen por primeira vez a axudas directas do Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais. O orzamento total das subvencións á actividade escénica foi de 993.000 euros (aos que habería que sumar as partidas de coproducións xestionadas polas unidades de produción), cos que se cofinanciaron ata 39 proxectos escénicos.

Con respecto á situación existente no exercicio 2005, o actual panorama das liñas de apoio á actividade escénica mostra unha situación cualitativamente diferente. Completouse a estrutura de incentivos, coa súa ampliación ás disciplinas da danza e a maxia e duplicáronse as dotacións económicas para o teatro, de xeito que, aínda que se incrementou nun 30% o número de proxectos apoiados, a axuda media por proxecto medrou nun 67%. Está previsto que os aumentos orzamentarios continúen nos próximos anos, ata acadar a cifra de 1.900.000 euros en 2011.

Cadro 17. Evolución global das axudas á produción/actividade escénica

	2005	2006	2007	2008	% 2005-08
Orzamento total	460.677,00	785.000,00	993.458,68	1.240.000,00	69,56%
N.º proxectos	20	25	39	40 ¹	100,00%
Orzamento por proxecto	23.033,85	31.400,00	25.473,30	31.000,00	34,78%

(1) Previsións.

O IGAEM ampliou o sistema de incentivos a todas as disciplinas
artísticas, introducindo

Cadro 18. Evolución por subsectores das axudas á produción/actividade escénica

	2005	2006	2007	2008	% 2005-08
Teatro					
Orzamento total	460.677,00	685.000,01	840.000,00	1.000.000,00	117,07%
N.º proxectos	20	20	26	26 ¹	30,00%
Orzamento por proxecto	23.033,85	34.250,00	32.307,69	38.461,54	66,98%
Danza					
Orzamento total	0	100.000,00	93.458,69	140.000,00	100,00%
N.º proxectos	0	5	6	6 ¹	100,00%
Orzamento por proxecto	0	20.000,00	15.576,45	23.333,33	100,00%
Maxia					
Orzamento total	0	0	60.000,00	100.000,00	100,00%
N.º proxectos	0	0	7	8 ¹	100,00%
Orzamento por proxecto	0	0	8.571,43	12.500,00	100,00%

(1) Previsións.

Cadro 19. Proxectos subvencionados na convocatoria 2007

A.1. Nova creación. Axudas bianuais

Compañía	Espectáculo	Subvención	Investimento total
Teatro Lope de Vigo	<i>Ide todos ó inferno</i>	14.658,75	14.658,75
Total	1	14.658,75	14.658,75

A.1. Nova creación. Axudas anuais

Compañía	Espectáculo	Subvención	Investimento total
Acontrabutaca	<i>Robin Hood</i>	24.143,68	37.724,50
Nut Teatro	<i>O desexo (A mirada de Pier)</i>	21.197,57	35.329,28
Total	2	45.341,25	73.053,78

[...]

subvencións para empresas discográficas e para o sector da maxia ■

[...] Cadro 19

A.2. Teatro. Axudas bianuais

Compañía	Espectáculo	Subvención	Investimento total
Tropicallo	<i>Bolboreta</i>	22.356,00	22.356,00
Tanxarina	<i>Sombras</i>	19.268,60	19.268,60
Lagarta, Lagarta	<i>As últimas lúas</i>	31.781,79	31.781,79
Teatro Noroeste	<i>Romeo e Xulieta</i>	45.586,61	45.586,61
Teatro do Morcego	<i>O burgués fidalgo</i>	41.130,74	41.130,74
Espello Cóncavo	<i>Zardigot</i>	31.123,12	31.123,12
Factoría Teatro	<i>Castróns. o baile</i>	44.721,02	44.721,02
Teatro de Ningures	<i>Emigrados</i>	41.918,51	41.918,51
Talía Teatro	<i>O merlo branco</i>	25.000,00	25.000,00
Nove Dous	<i>Ás veces sentímonos tan cansos que facemos estas cousas</i>	25.000,00	25.000,00
Espiral Producións	<i>Arte</i>	25.939,23	25.939,23
Sarabela Teatro	<i>Margar no pazo do tempo</i>	42.951,62	42.951,62
Os Monicreques de Kukas	<i>Sen título 4x8x6 (técnica mixta sobre o escenario)</i>	31.620,90	31.620,90
Títeres Cachirulo	<i>Do, re, mi, Mozart xoga aquí</i>	22.133,85	22.133,85
Viravolta Títeres	<i>O paxaro de lume</i>	13.934,59	13.934,59
Encena Producións	<i>Lolas</i>	27.936,42	27.936,42
Total	16	492.403,00	492.403,00

A.2. Teatro. Axudas anuais

Compañía	Espectáculo	Subvención	Investimento total
Buradini	<i>Mensaxe nunha botella de plástico</i>	34.876,17	43.595,21
Matarile Teatro	<i>Truenos & misterios</i>	49.175,67	70.250,96
Volta e Dälle	<i>Pan</i>	25.000,00	39.682,54
Galería	<i>Ocaso Otero</i>	48.745,00	97.450,00
Berrobambán	<i>Boas noites</i>	53.494,00	66.867,50
Teatro do Atlántico	<i>A bombilla máxica</i>	51.306,14	64.132,67
Os Quinquilláns	<i>O mago de Oz</i>	25.000,00	31.250,00
Total	7	287.596,98	413.228,88

A.3. Danza. Axudas bianuais

Compañía	Espectáculo	Subvención	Investimento total
Inquedanza	<i>En la cuenca de tus ojos</i>	15.000,00	15.000,00
Ballet Studio	<i>De meu</i>	15.000,00	15.000,00
Nova Galega de Danza	<i>Engado</i>	18.458,69	18.458,69
Total	3	48.458,69	48.458,69

[...]

Os ingresos das empresas escénicas crecen a taxas interanuais que públicas non se traduce nunha

[...] Cadro 19

A.3. Danza. Axudas anuais

Compañía	Espectáculo	Subvención	Investimento total
Jesús Quiroga	<i>A luz</i>	15.000,00	16.666,67
Marco González	<i>Cuentos del sur</i>	15.000,00	16.666,67
Mercé de Rande	<i>Proxecto zocas</i>	15.000,00	16.666,67
Total	3	45.000,00	50.000,01

A.4. Maxia. Axudas a investimentos

Compañía	Subvención	Investimento total
Casanova Prozco, José Ángel	9.945,60	22.400,00
Cyrille Clavier	8.942,50	17.885,00
Creacións Máxicas, SLI	10.000,00	21.700,10
Fernández Frasca, Javier Alfonso	10.000,00	20.823,11
García Cabeza, Daniel	7.805,77	15.611,55
García Guerra, Héctor	10.000,00	31.723,45
Mabel, SC	3.000,00	9.106,08
Total	59.693,87	139.249,29

A convocatoria de subvencións 2007 introduciu as axudas bianuais e elevou o seu orzamento total a 993.00 euros, cos que se cofinanciaron ata 39 proxectos escénicos

2.1.2. *Evolución da actividade do sector*

A potenciación dos instrumentos de apoio financeiro, xunto cos efectos da reforma das redes e programacións promovidas polo IGAEM, tiveron unha repercusión clara sobre a evolución do sector. Durante estes dous anos os ingresos de explotación das empresas galegas de artes escénicas están a medrar a ritmos superiores ao 16% anual, que chegan ata un 33,80% anual no caso do teatro de monicreques. Como consecuencia, o número de compañías teatrais que facturan máis de 100.000 euros anuais pasou de oito no ano 2005 a 21 no ano 2007.

oscilan entre o 16 e o 33%. Constátase que o incremento nas axudas maior dependencia, senón nunha maior autonomía e competitividade ■

Nos últimos dous anos, os ingresos de explotación das empresas escénicas medraron máis do 16% anual, cifra que chegou ao 33,80% no caso do teatro de monicreques. O número de compañías teatrais que facturan máis de 100.000 € anuais pasou de 8 en 2005 a 21 en 2007

Cadro 20. Evolución económica das empresas do sector

	2005	2006	2007	% interanual
Teatro de actor¹				
Media dos ingresos brutos anuais	165.750,22	201.403,82	226.065,10	16,78%
Porcentaxe de gastos salariais ³	36,35%	35,79%	38,31%	
N.º empresas con facturación superior a 100.000 euros	8	9	17	
N.º empresas con facturación superior a 250.000 euros	2	2	3	
Teatro de monicreques²				
Media dos ingresos brutos anuais	71.023,52	88.798,02	127.155,04	33,80%
Porcentaxe de gastos salariais ³	43,87%	38,56%	37,29%	
N.º empresas con facturación superior a 100.000 euros	0	2	4	
Danza²				
Media dos ingresos brutos anuais	69.954,35	77.690,45	107.376,82	23,89%
Porcentaxe de gastos salariais ³	47,84%	74,05%	50,26%	
N.º empresas con facturación superior a 100.000 euros	1	1	2	
Maxia²				
Media dos ingresos brutos anuais	86.052,21	101.960,66	134.307,27	24,93%
Porcentaxe de gastos salariais ³	5,09%	4,25%	5,93%	
N.º empresas con facturación superior a 100.000 euros	2	2	2	

(1) Datos das 10 empresas con maiores ingresos brutos anuais.

(2) Datos das 5 empresas con maiores ingresos brutos anuais.

(3) Estimación a partir dos datos de cotizacións sociais das empresas.

Abriuse unha liña de axudas directas para promover actividades de

2.2. Apoio á actividade musical

Durante a actual etapa de goberno, o Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais dedicou especial atención á posta en marcha de políticas de apoio á industria musical galega. No exercicio 2007 abriuse por primeira vez unha liña de axudas directas destinadas a promover a actividade das empresas discográficas. Tras a análise das necesidades do sector e o diálogo cos principais axentes, as axudas dirixíronse á promoción e difusión de traballos discográficos e destináronse ás empresas de produción e distribución. Desta forma identificáronse a penetración no mercado e o fortalecemento do tecido industrial como áreas clave para o desenvolvemento do sector. Ao tratarse dunha medida de nova implantación será necesario realizar unha avaliación a medio prazo para contrastar a súa incidencia sobre a evolución do mercado e a actividade empresarial.

Neste primeiro exercicio subvencionáronse oito proxectos de promoción e difusión, cun orzamento total de preto de 77.000 euros.

Cadro 21. Proxectos subvencionados na convocatoria de axudas do ano 2007

Empresa	Formación	Subvención
Zouma Producciones, SL	Cristina Pato	11.500,00
Pai Edicións, SL	Sete Saias	6.970,44
Nalgures Producións, SL	Emilio Rúa	11.500,00
La Fábrica de Chocolate, SL	Faltriqueira	9.000,00
Sons Galiza Comunicación, SL	Brath	7.500,00
Falcatruada Imaxe e Música, SLL	Nordestin@s	11.500,00
Ouvirmos, SL	Galegoz, SL	7.500,00
Goidel Producciones Musicales, SL	Deluxe	11.500,00
Total	8	76.970,44

Cadro 22. Evolución dos ingresos e gastos medios das empresas solicitantes¹

	2005	2006	%
Ingresos medios anuais	210.628,25	273.134,56	29,68%

(1) Media de ingresos e gastos das 5 empresas con maiores ingresos brutos anuais.

empresas discográficas, a través da que se subvencionaron

10 proxectos cun orzamento total de case 77.000 € ■

2.3. Desenvolvemento empresarial

Durante o exercicio 2007 déuselle continuidade á liña de apoio para a mellora da eficiencia na xestión das empresas culturais, ampliando a oferta formativa e implantando un novo servizo de apoio xerencial. Desenvolvéronse tres accións formativas, coa colaboración e dirección do Instituto Galego de Promoción Económica, para un total de 40 horas de formación, nas que participaron 54 profesionais do sector (no exercicio 2006 realizouse unha única acción formativa).

A partir do mes de abril levouse a cabo un novo proxecto experimental dirixido ao deseño e implantación de plans de mellora da xestión nas empresas de artes escénicas e musicais. O programa iníciase coa realización dunha diagnose da situación de cada empresa e coa formulación dun plan de traballo individualizado. A partir deste momento as empresas reciben apoio para a implantación do plan e a conseguinte mellora na xestión e dirección, na política comercial, na política financeira e na organización interna e de persoal.

A importante demanda obrigou a ampliar o número de empresas participantes ata as 21, fronte ás 12 inicialmente previstas. Actualmente todos os plans de mellora están en proceso de implantación, salvo unha baixa no proceso.

Cadro 23. Accións de desenvolvemento empresarial

Curso de produtos financeiros e financiamento da peme	Curso de negociación bancaria
Docente: Fernando M. Valdueza	Docente: Fernando M. Valdueza
Dirección: Instituto Galego de Promoción Económica	Dirección: Instituto Galego de Promoción Económica
Escola de Altos Estudos Musicais, do 6 ao 7 de novembro. 8 horas	Instituto Galego de Promoción Económica, do 10 ao 13 de decembro. 8 horas
21 alumnos	14 alumnos
Seminario de planificación empresarial	Servizo de apoio xerencial
Docente: Fernando M. Valdueza	Docente: Proxectos, SL
Dirección: Instituto Galego de Promoción Económica	Coordinación: IGAEM
Escola de Altos Estudos Musicais, do 12 ao 22 de novembro. 24 horas	Descentralizado. Abril-decembro. 25 horas de titoría especializada
19 alumnos	21 empresas

No marco do desenvolvemento empresarial, implantouse un
ao deseño e establecemento de

2.4. Plan de formación

O IGAEM promoveu durante o exercicio 2007 un plan de formación destinado a mellorar a formación técnica e artística dos profesionais do sector. Durante este primeiro exercicio desenvolvéronse un total de seis accións formativas, cunha carga lectiva total de 157 horas de formación, nas que participaron 77 profesionais. As accións formativas lévanse a cabo, na súa maioría, baixo a coordinación da Escola Superior de Arte Dramática e a definición dos contidos realízase en colaboración coas asociacións profesionais do sector. Este plan de formación é complementario das accións de formación especializada impulsadas polo Centro Dramático e o Centro Coreográfico Galego.

Cadro 24. Plan de formación 2007

Curso de interpretación	Curso de dirección técnica de espectáculos
Docente: Carme Portaceli	Docente: Jordi Planas
Coordinación: Escola Superior de Arte Dramática	Coordinación: Escola Superior de Arte Dramática
ESAD, do 2 ao 7 de setembro. 30 horas	Salón Teatro, do 5 ao 9 de novembro. 35 horas
10 alumnos	11 alumnos
Curso de produción	Curso de creación escénica
Docente: José Manuel Garrido	Docente: Marta Carrasco
Coordinación: Escola Superior de Arte Dramática	Coordinación: Escola Superior de Arte Dramática
Salón Teatro, do 8 ao 11 de outubro. 20 horas	ESAD, do 26 ao 30 de novembro. 30 horas
17 alumnos	16 alumnos
Curso de introdución á luminotecnia	Curso "A máscara no teatro"
Docente: Jordi Planas	Docente: Francisco González Franco
Coordinación: Escola Superior de Arte Dramática	7 horas
Salón Teatro, do 15 ao 18 de outubro. 35 horas	15 alumnos
8 alumnos	

novο servizo de apoio xerencial dirixido

plans de mellora da xestión nas empresas de artes escénicas e musicais ■

2.5. Fomento do asociacionismo profesional

En 2007 financiáronse, a través da convocatoria de subvencións á actividade asociativa de carácter profesional no ámbito das artes escénicas e musicais, oito proxectos de actividades, por un importe de 90.000 euros, cun incremento do 4,65% con respecto a 2006. O aumento do número de solicitantes e de proxectos aprobados provocou que, a pesar do crecemento das dotacións económicas, a subvención por proxecto diminuíse con respecto ao exercicio 2006.

Cadro 25. Evolución das axudas ao asociacionismo profesional

	2006	2007	%
N.º solicitudes	8	18	125,00%
N.º proxectos aprobados	6	8	33,33%
% proxectos aprobados	75%	44,44%	-40,74%
Orzamento	84.000	90.000	4,65%
Orzamento por proxecto	14.000	11.250	-19,64%

Cadro 26. Proxectos subvencionados na convocatoria de axudas do ano 2007

Entidade	Subvención
Asociación de Actores e Actrices de Galicia	24.000
Asociación de Compañías Profesionais de Teatro	6.000
Asociación Galega de Profesionais da Danza	12.000
Danza Escénica Galega	6.000
Asociación de Gaiteiros Galegos	12.000
Asociación Galega de Produtoras Fonográficas	12.000
Asociación Galega de Intérpretes de Música Clásica	6.000
Federación Galega de Novo Circo	12.000

A través da convocatoria de subvencións á actividade asociativa de
carácter profesional,

2.6. Apoio á creación

XVI Premio Álvaro Cunqueiro para textos teatrais

Textos presentados: 16

Texto premiado: *Historia da chuvia que cae todos os días*,
de Roberto Salgueiro

Contía do premio: 6.000 euros

Publicación da obra premiada na colección Biblioteca Dramática Galega

II Premio Manuel María de literatura dramática infantil

Textos presentados: 13

Texto premiado: *Game over*, de Carlos Losada Galiñáns

Contía do premio: 4.000 euros

Publicación da obra premiada na colección Biblioteca Dramática Galega

V Premio Barriga Verde de textos para teatro de monicreques

Modalidade infantil:

Textos presentados: 14

Texto premiado: deserto

Contía do premio: 4.000 euros

Publicación da obra premiada na colección Barriga Verde

Modalidade adultos:

Textos presentados: 2

Texto premiado: deserto

Contía do premio: 4.000 euros

Publicación da obra premiada na colección Barriga Verde

Xurado:

Euloxio Rodríguez Ruibal, presidente

Xesús Ron Pereiro, vogal

Daniel González Salgado, vogal

Paula Carballeira Cabana, vogal

M.^a Ángeles González Rodríguez, vogal

Cándido Pazó González, vogal

Marcelina Calvo Domínguez, secretaria

financiáronse oito proxectos por un importe total de 90.000 euros ■

A filosofía das axudas á distribución é garantir
que as compañías galegas poidan actuar fóra
de Galicia nas mesmas condicións económicas
en que o farían en Galicia

En 2007, foron 17 as compañías beneficiarias destas axudas e o número

3. Promoción exterior

A promoción exterior é unha compoñente básica das políticas de fomento das artes escénicas e musicais. A presenza exterior da cultura galega é fundamental para a súa afirmación como cultura diferenciada, contribúe á posta en valor da produción cultural e é mostra dunha aposta por xogar un papel na xeración de contidos, fronte ás políticas pasivas de fomento do consumo. Pero ademais, desde a perspectiva da industria cultural, das empresas do sector das artes escénicas e da música, a penetración nos mercados exteriores é un condicionante para garantir a viabilidade como unidades económicas e de creación. Na realidade actual, de multiplicación do intercambio e de globalización, cada vez é máis difícil establecer proxectos de futuro de costas aos mercados e ás correntes de contidos que veñen do exterior.

No caso da música, a crise do modelo tradicional de distribución e a aparición da internet como soporte de intercambio, comunicación e información, supón unha unificación dos mercados, de forma que a proximidade entre creador e consumidor deixa de xogar un papel determinante para as empresas. A eliminación das barreiras de entrada supón unha ameaza, en canto que multiplica a competencia no mercado interior, pero da mesma forma supón unha grande oportunidade, en canto que facilita a posibilidade de chegar ao público en calquera lugar do mundo.

No caso das artes escénicas, a penetración nos mercados exteriores é un requisito imprescindible para o crecemento das unidades de produción e creación, porque a partir dun determinado nivel o mercado interior non ten capacidade, nin real nin potencial, para rendibilizar os investimentos realizados. A proxección exterior da produción escénica galega ten como obxectivo preferente, por razón da lingua e dos custos asociados á prestación do servizo, os circuitos teatrais do resto do Estado e de Portugal. O nivel de distribución nos mercados peninsulares ten un elevado potencial de crecemento, ata alcanzar un certo equilibrio entre mercados interiores e exteriores. Porén, a fragmentación do mercado teatral, a situación xeral de sobreoferta, a opacidade das canles de distribución e a falta de vocación exterior dalgunhas empresas son factores que dificultan a ampliación da presenza exterior da produción escénica galega. Por este motivo, resultará necesario potenciar nos próximos anos os incentivos e os servizos de apoio á distribución exterior.

de funcións ascendeu a 163, das que un 24%

correspondeu á contratación no estranxeiro ■

3.1. Axudas á distribución exterior no ámbito das artes escénicas

Desde o ano 2006 as axudas á distribución do Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais están orientadas ao apoio á distribución exterior da produción escénica galega; a promoción do mercado interior é realizada por medio da Rede Galega de Teatros e Auditorios e da Rede Galega de Salas. A filosofía do apoio á distribución é garantir que as compañías galegas poidan actuar fóra de Galicia nas mesmas condicións económicas en que o farían aquí. Para iso, cóbrese a totalidade dos gastos de transporte, desprazamento e aloxamento ata un importe equivalente á contía da contraprestación económica que se percibirá pola actuación ou actuacións. As axudas á distribución teñen carácter automático e a convocatoria está aberta de xeito permanente (desde xaneiro a outubro) para facilitar a xestión das compañías.

No ano 2006 beneficiouse destas subvencións un total de 20 compañías para realizar 104 funcións, case na súa totalidade en España. No último ano foron 17 compañías as beneficiarias e o número de funcións ascendeu ata 163, das que un 24% correspondeu á contratación no estranxeiro. Se en 2006 a distribución exterior supuña un volume do 15% con respecto á distribución na RGTA e na RGS, en 2007 esta porcentaxe subiu ata o 18%.

A pesar do importante incremento no volume de funcións realizadas, a distribución exterior aínda presenta importantes limitacións, referidas tanto á escasa penetración nalgúns mercados (ver o caso de Portugal) como á súa incidencia real sobre o sector. De feito, un 70% das funcións subvencionadas corresponden a tan só cinco compañías, tres delas de monicreques. Das dez compañías de teatro con maior nivel de facturación, unicamente Matarile Teatro ten presenza habitual nos mercados exteriores. Coa finalidade de contribuír a modificar esta situación, ampliando o número de compañías e os volumes de contratación exterior, na XVI Feira Galega das Artes Escénicas habilitouse unha liña de bonificacións á contratación exterior. Durante a semana da feira e a seguinte formalizáronse contratos para un total de 72 funcións.

Cadro 27. Evolución global das axudas á distribución no ámbito da actividade escénica

	2006	2007	%	Feira ¹
Orzamento total	81.023,85	75.783,45	-6,47%	113.681,00
N.º proxectos	26	37	42,31%	11
N.º compañías	20	17	-15,00%	7
N.º funcións en España	100	124	24,00%	69
N.º funcións no estranxeiro	4	39	875,00%	3
Total funcións	104	163	56,73%	72

(1) Funcións contratadas durante a XVI Feira Galega das Artes Escénicas.

Na XVI Feira Galega
exterior, a partir

Cadro 28. Compañías subvencionadas

	Proxectos	España	Estranxeiro	Total	Importe
Culturactiva	3	4	0	4	2.972,00
Encena Producións	1	0	8	8	10.920,00
Inquedanza	1	0	2	2	2.000,00
Kukas Producións Artísticas	1	2	0	2	846,00
Matarile Teatro	2	4	1	5	6.513,00
Nove Dous	2	2	0	2	1.420,00
Nut Teatro	1	1	0	1	156,11
Pisando Ovos	2	15	0	15	3.530,00
Sarabela	1	1	0	1	2.468,00
Teatro alla Scala 1:5	5	29	15	44	12.036,28
Teatro Buratini	5	12	8	20	2.920,13
Teatro do Andamio	1	9	0	9	2.330,00
Teatro do Noroeste	1	4	0	4	1.200,00
Teatro Ensalle	5	16	3	19	9.720,00
Títeres Cachirulo	2	6	2	8	7.044,00
Títeres Trompicallo	3	17	0	17	5.305,60
Trintaetrés	1	2	0	2	4.402,33

Gráfico 11. Distribución exterior por áreas xeográficas (1)





Gráfico 12. Distribución exterior por áreas xeográficas (2)



das Artes Escénicas habilitouse unha liña de bonificacións á contratación da que se formalizaron contratos para un total de 72 funcións ■

3.2. Axudas á distribución exterior no ámbito da música

Un dos sinais de identidade das políticas desenvolvidas pola Consellaría de Cultura e Deporte ao longo destes últimos dous anos é o forte impulso á promoción exterior da cultura galega. No ámbito da música, este labor plasmouse durante o exercicio 2007 na presenza institucional nas principais feiras e mercados discográficos. Esta liña de actuación complementouse co establecemento dun programa de axudas económicas destinadas a apoiar a apertura de novos mercados que realizan as empresas discográficas galegas.

No ano 2006 tres destas empresas accederon a axudas para asistir a mercados discográficos, maioritariamente en territorio do Estado. En 2007 foron xa 12 as que realizaron accións de difusión e promoción exterior, gozando das axudas económicas do IGAEM e participando en oito feiras e mercados, maioritariamente no estranxeiro.

Cadro 29. Evolución global das axudas á distribución no ámbito da música

	2006	2007	%
Orzamento total	6.726,83	22.795,12	238,87%
N.º proxectos	4	24	500,00%
N.º empresas	3	12	300,00%
N.º feiras	2	8	300,00%

Cadro 30. Empresas subvencionadas

	Feiras	Importe
Abada Xestión Cultural, SL	2	2.495,56
Berrogüetto Producións, SL	2	1.526,41
Coh3, SCG	1	550,00
La Fábrica de Chocolate, SL	3	4.751,65
Falcatruada Imaxe e Música, SLL	3	2.039,15
labadabadú Festicultores, SL	1	660,60
Lonxa Cultural, SL	1	113,50
Nalgures Producións, SL	1	690,00
Nordesía Produccións, SL	7	6.370,99
Ouvirmos, SL	1	635,32
Sons Galiza Comunicación, SL	1	1.454,77
Zouma Producciones, SL	1	1.507,17

Foron 12 as empresas discográficas que realizaron accións de difusión e promoción exterior, gozando das axudas económicas do IGAEM e

4. Medidas de apoio

4.1. Comunicación social

4.1.1. <http://igaem.xunta.es>

Aínda que sen variar a súa estrutura básica, durante o exercicio 2007 o portal do IGAEM experimentou varias modificacións que afectan fundamentalmente á reformulación das webs asociadas (Centro Dramático Galego, Centro Coreográfico Galego e Feira Galega das Artes Escénicas), así como á ampliación de contidos.

■ *Centro Dramático Galego.* Conta con web propia, con acceso desde a do IGAEM, desde finais de 2006. En 2007 comezou a funcionar tamén co dominio propio centrodramatico.org. Xa desde a súa portada, a páxina do CDG destaca visualmente as producións que a compañía ten en cartel, así como a programación do Salón Teatro. O seu menú de navegación dá acceso ás seccións Centro Dramático Galego, Salón Teatro, En Cartel, Centro de Creación Dramática, Servizos e Novas.

■ *Centro Coreográfico Galego.* Coincidindo coa presentación da súa segunda temporada de actividade, en novembro de 2007 o CCG puxo á disposición do público o seu propio espazo na internet, ao que se accede ben a través da web do IGAEM, ben a través do enderezo www.centrocoreografico.org. Desde a súa portada dáse paso á información de novas, actividades formativas, convocatorias, publicacións e traballos escénicos de produción, coprodución e artistas en residencia.

■ *Feira Galega das Artes Escénicas.* Varios meses antes da celebración da Feira Galega das Artes Escénicas 2007, do 23 ao 27 de outubro en Compostela, púxose en funcionamento a súa páxina web co obxectivo de informar a compañías, programadores e público de todos os procesos previos e facilitar a tramitación en liña da inscrición de asistentes. Xa no mes de outubro, a web ampliou os seus contidos, introducindo a programación 2007 coas fichas detalladas das compañías e espectáculos participantes, espazos de exhibición, unha zona de prensa coas convocatorias para os medios de comunicación, noticias e recursos gráficos, así como información sobre as edicións anteriores.

participando en oito feiras e mercados, maioritariamente no estranxeiro ■

■ ■ ■ *Outros contidos.* Unha das novidades máis relevantes canto á incorporación de novos contidos na web do IGAEM foi a ampliación do seu apartado de descargas, desde o que –ademais de permitir a visualización e baixada de todos os números editados do boletín *e_scena* e a revista *Paraíso*– se pode acceder (en formato pdf) a estudos e investigacións promovidos polo Instituto, así como a outros documentos relacionados coas artes escénicas e musicais.

Cadro 31. Accesos á páxina web do IGAEM

	xullo	agosto	setembro	outubro	novembro	decembro	total
Visitantes	4.742	7.136	8.611	10.378	9.161	6.449	54.307
Visitas	6.530	9.824	12.475	15.075	13.087	9.413	75.937
Páxinas visitadas	24.021	32.729	44.453	66.471	50.802	31.900	283.940
Accesos	164.229	245.319	319.140	444.048	319.289	206.220	2.019.105

4.1.2. *e_scena*

O IGAEM editou en 2007 once novos números de *e_scena* (do 9 ao 19), boletín mensual de distribución electrónica destinado a informar sobre as principais actividades desenvolvidas ou relacionadas co Instituto. Cunha media de dez páxinas por número, os seus contidos estrutúranse nas seccións Reportaxe de portada, Novas (IGAEM, CDG, CCG, Escola de Altos Estudos Musicais), Novidades editoriais, Axenda, Alertas (convocatorias do IGAEM, fiscal/laboral/contable e outras convocatorias) e Rexistro de datos (IGAEM, Rede Galega de Teatros e Auditorios, Rede Galega de Salas, Rede Galega de Música ao Vivo).

Na actualidade, son 1.133 os subscritores de *e_scena*, aos que se lles envía unha mensaxe de correo electrónico coa ligazón ao boletín en pdf, ademais dos lectores que o descargan directamente da páxina web. Dado que o número de descargas directas se sitúa en torno ás 600 mensuais, pódese estimar un volume global de lectores lixeiramente superior ás 1.700 persoas.

O boletín *e_scena* diríxese de forma preferente ao conxunto dos axentes do sector das artes escénicas e musicais, polo que actúa como principal instrumento de comunicación externa do IGAEM.

Cadro 32. Descargas directas do boletín *e_scena* por medio da web do IGAEM

	xullo	agosto	setembro	outubro	novembro	decembro	total
Descargas	379	363	790	761	587	599	3.479

A páxina web www.igaem.xunta.es e o boletín electrónico ‘*e_scena*’ son dous dos principais instrumentos de comunicación externa do

4.2. Publicacións

4.2.1. Coleccións

A función básica da política de edición, coedición e apoio á edición do IGAEM é a contribución á creación dun fondo bibliográfico sobre artes escénicas e musicais ao servizo da comunidade creadora, profesional e científica, así como do conxunto da cidadanía. A heteroxeneidade da orixe das diferentes liñas de publicacións obrigou a unha sistematización en coleccións. No ámbito teatral, as diferentes coleccións conxugan os obxectivos de apoio á creación, mediante a edición dos textos premiados polo organismo (Álvaro Cunqueiro e Manuel María na Biblioteca Dramática Galega e Barriga Verde na colección Barriga Verde) ou producidos polo CDG (colección Escena Aberta), de edición en lingua galega dos principais textos de autoría galega, tanto «clásicos» coma actuais, e das obras de referencia da literatura dramática universal e da literatura máis contemporánea (colección Biblioteca Dramática Galega e Biblioteca-Arquivo Teatral Francisco Pillado Mayor), e de edición de textos sobre teoría e práctica teatral (colección Biblioteca de Teatro).

O establecemento de contratos de coedición permite unha xestión máis áxil e flexible. Tamén se posibilita a venda por internet, ao quedar a comercialización baixo a responsabilidade das editoras

Música e danza teñen diferente tratamento. Na música clásica estase a atender de forma prioritaria a vertente creativa a través da colección *Ars Gallaeciae Musicae*, que nos últimos anos se abriu á música de carácter máis popular (música para bandas) e en 2007 a traballos de compositores actuais (colección *Agra Nova*). No caso da danza, o traballo editorial céntrase na colección *Bitácora*, que pretende deixar testemuño do proceso de composición coreográfica das producións realizadas polo Centro Coreográfico Galego.

Se a edición e xestión das publicacións lle compete a cada departamento editor da Xunta de Galicia, non é así no caso da distribución e comercialización, que ten carácter centralizado. Esta distribución centralizada de todas as publicacións oficiais limita a capacidade operativa do IGAEM para aproveitar as oportunidades comerciais e de mercado no seu ámbito de actividade. Tres son as principais limitacións do sistema de distribución centralizada: a necesidade dunha distribución máis enfocada ao sector escénico-musical, a ausencia dunha política activa de promoción do produto e a falta de información recíproca entre os departamentos editores e as distribuidoras.

IGAEM, preferentemente dirixidos ao sector escénico e musical galego ■

Esta problemática quedou en parte paliada co establecemento de contratos de coedición, que permiten unha xestión máis áxil, flexible e a cada vez máis estendida venda a través da web, ao quedar a distribución e comercialización baixo a responsabilidade das empresas coeditoras. Os resultados de títulos como o libro da colección Biblioteca de Teatro *Manuel Lugrís Freire, do texto ao escenario*, coeditado con Galaxia, *Limpeza de sangue*, coeditado con Xerais, e a colección *Ars Gallaeciae Musicae*, coeditada con Dos Acordes, son unha mostra da evolución positiva provocada polo cambio no modelo de xestión das publicacións.

Cadro 33. Títulos publicados

Biblioteca de Teatro

Editorial: *Galaxia*

Historia da literatura dramática occidental
Colección Biblioteca de Teatro
Serie Grandes Manuais, n.º 2
VV.AA.
No prelo

Dramaturxia. Teoría e práctica
Colección Biblioteca de Teatro
Serie Manuais, n.º 9
Alfonso Becerra de Becerreá
328 páxinas

Biblioteca Dramática Galega

Editorial: *Edicións Xerais de Galicia*

Ocaso Otero
Colección Biblioteca Dramática Galega, n.º 5
Manuel Guede
XV Premio Álvaro Cunqueiro para textos teatrais (edición 2006)
72 páxinas

Casa de bonecas
Colección Biblioteca Dramática Galega, n.º 6
Henrik Ibsen
131 páxinas

Historia da chuvia que cae todos os días
Colección Biblioteca Dramática Galega, n.º 7
Roberto Salgueiro González
XVI Premio Álvaro Cunqueiro para textos teatrais (edición 2007)
48 páxinas

Game over
Colección Biblioteca Dramática Galega, n.º 8
Carlos Losada Galiñáns
II Premio Manuel María de literatura dramática infantil (2007)
80 páxinas

Barriga Verde

Editorial: *Baía Edicións*

O afundimento do Tiránic
Colección Barriga Verde, n.º 1
Breogán Riveiro
IV Premio Barriga Verde de textos para teatro de monicreques, modalidade infantil
48 páxinas

Misterio en Guernica
Colección Barriga Verde, n.º 2
Xosé Manuel Fernández Castro
III Premio Barriga Verde de textos para teatro de monicreques, modalidade adultos
64 páxinas

O soñador
Colección Barriga Verde, n.º 3
Gabriel Castilla Raspa
I Premio Barriga Verde de textos para teatro de monicreques, modalidade adultos
80 páxinas

Escena Aberta

Editorial: *Edicións Laiovento*

A cabana de Babaigá
Colección Escena Aberta, n.º 2
Adaptación de Paula Carballeira dun conto tradicional eslavo
42 páxinas

O regreso ao deserto
Colección Escena Aberta, n.º 3
Bernard-Marie Koltès
128 páxinas

Da heteroxeneidade na orixe das liñas de

IGAEM pasouse á sistematización

Biblioteca-Arquivo Francisco Pillado Mayor

Editorial: Universidade da Coruña,
Departamento de Galego-portugués,
Francés e Lingüística

O fidalgo aprendiz

Colección Biblioteca-Arquivo Francisco
Pillado Mayor / Serie Verde, n.º 49
Francisco Manuel de Melo
232 páxinas

Poética

Colección Biblioteca-Arquivo Francisco
Pillado Mayor / Serie Gris, n.º 50
Aristóteles
232 páxinas

Turandot, vol. 1

Colección Biblioteca-Arquivo Francisco
Pillado Mayor / Serie Branca, n.º 51
Carlo Gozzi
200 páxinas

Turandot, vol. 2

Colección Biblioteca-Arquivo Francisco
Pillado Mayor / Serie Branca, n.º 52
Carlo Gozzi
312 páxinas

Ars Gallaeciae Musicae

Editorial: *Dos Acores*

Series: Agra Vella (clásicos), Agra Nova
(actuais), Banda (música para banda)

Danzas para violín e piano

Andrés Gaos
Colección Ars Gallaeciae Musicae
Serie Agra Vella, n.º 21
No prelo

Non chores, Sabeliña

Gustavo Freire (música)
e Trapero Pardo (letra)
Colección Ars Gallaeciae Musicae
Serie Agra Vella, n.º 22
No prelo

Inquedanzas

Pablo Beltrán
Colección Ars Gallaeciae Musicae
Serie Agra Nova, n.º 3
44 páxinas

Rehabilitación no Lavadoiro da Ribeira

Gloria Rodríguez Gil
Colección Ars Gallaeciae Musicae
Serie Agra Nova, n.º 4
32 páxinas

Concerto para saxofón e 7 instrumentos

Xabier Mariño
Colección Ars Gallaeciae Musicae
Serie Agra Nova, n.º 5
44 páxinas

*Arranxo para banda de 'Non chores,
Sabeliña'*

Gustavo Freire
Colección Ars Gallaeciae Musicae
Serie Ávrego, n.º 4
No prelo

Bitácora

Editorial: IGAEM (edición propia)

Vacuo

Colección Bitácora, n.º 1
130 páxinas

Publicacións fóra de colección

*As gravacións da música galega,
1975-2000*

Xaíme Estévez
Edita: IGAEM-Editorial TrisTram (coedición)
No prelo

Sede de beleza. Obras para coro

João Trillo
Edita: Dos Acores
50 páxinas

Canto asteca

João Trillo
Edita: Dos Acores
30 páxinas

La piragua

Cándido Pazó
Edita: Asociación de Directores de
Escena de España
136 páxinas

*Se o sei non volvo á casa /
Taberna sen dono*

Manuel Varela Buxán
Edita: Edicións Xerais de Galicia
208 páxinas

Obra dramática

Francisco Taxes
Edita: Edicións Xerais de Galicia
400 páxinas

publicacións promovidas polo

de coleccións. En 2007 editáronse 28 títulos de teatro, danza e música ■

4.2.2. Publicacións periódicas

O Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais está a promover, de forma directa ou mediante a colaboración con axentes sociais, a edición de tres publicacións de carácter periódico: a *Revista Galega de Teatro*, editada pola Asociación Cultural Entre-Bambalinas, a revista *Inquedanzas*, editada pola Asociación Galega de Profesionais da Danza, e a revista *Paraíso*, principal instrumento gráfico de difusión das programacións da Rede Galega de Teatros e Auditorios e da Rede Galega de Salas, editada polo propio IGAEM.

4.3. Prospectiva

O departamento de documentación foi sometido a partir de 2006 a unha profunda reestruturación, coa finalidade de orientalo ao servizo da actividade do IGAEM e do sector das artes escénicas e musicais. O seu labor diríxese á elaboración de estatísticas e informes de apoio para a xestión e á realización de estudos prospectivos. Ademais da actuación acometida de forma directa, o Instituto impulsa a investigación mediante a convocatoria de axudas e subvencións á actividade escénica.

Paraíso

Edita: IGAEM
Números anuais: 2
Edición non venal
N.º 1, 44 páxinas, tiraxe: 10.000
N.º 2, 44 páxinas, tiraxe: 9.000
Contidos xerais: promoción das actividades da Rede Galega de Teatro e Auditorios e da Rede Galega de Salas.

Inquedanzas

Edita: Asociación Galega de Profesionais da Danza
Números anuais: 4
Tiraxe: 1.000
Edición non venal
N.º 3, 27 páxinas / N.º 4, 23 páxinas
N.º 5, 31 páxinas / N.º 6, 27 páxinas
Contidos xerais: danza. Artigos de opinión, entrevistas e axenda.

Revista Galega de Teatro - RGT


Edita: Asociación Cultural Entre-Bambalinas
Números anuais: 4
Tiraxe: 600
PVP: 5,5
N.º 50, 216 páxinas
N.º 51, 128 páxinas
N.º 52, 156 páxinas
N.º 53, no prelo
Contidos xerais: teatro e danza. Artigos de opinión, críticas, entrevistas, axenda, textos teatrais, novidades literarias e recensións.

Cadro 34. Estudos propios

Estudo de satisfacción do público da Rede Galega de Teatros e Auditorios
Páxinas: 58 Avaliación do nivel de satisfacción dos espectadores respecto dos espectáculos teatrais da Rede Galega de Teatros e Auditorios.
Análise de hábitos e preferencias culturais de públicos potenciais. Xeración «mileurista»
Páxinas: 83 Estudo centrado nos hábitos de consumo cultural en Galicia das mulleres que integran a denominada xeración «mileurista» como público potencial de teatro, no que se definen os factores que inciden directamente na configuración das súas preferencias culturais.
Diagnose do sector das artes escénicas en Galicia
Pendente de presentación final. Avaliación da situación das artes escénicas en Galicia, centrada no estudo da oferta e a demanda, do tecido empresarial e do mercado laboral.

Cadro 35. Outros estudos

Das funcións sociais e dos novos espazos escénicos profesionais para as artes escénicas en Galicia
Autores: Héctor Pose, José Caride, Rita Gradaïlle, Manuel Vieites Páxinas: 120 Traballo de investigación que pon de relevo as achegas potenciais das artes escénicas aos servizos comunitarios, procurando xerar espazos de encontro que contribúan a un mellor artellamento do sector escénico e ao tempo fomentar a fidelización e a creación de públicos.
Pautas de consumo e perfil de demanda no teatro en Compostela
Autor: César Abella Páxinas: 58 Traballo de investigación que define os caracteres sociodemográficos e os hábitos de consumo cultural do público que asiste aos espectáculos teatrais na cidade de Compostela.
Políticas culturais na xestión teatral: análise de modelos
Autora: Iria Fernández Sobrado Páxinas: 115 Estudo pormenorizado da política cultural no eido do teatro en Galicia, analizando a súa historia e a súa situación actual a través da comparación con outros modelos existentes e consolidados noutras zonas como Cataluña, País Vasco e Portugal.
Anuario do teatro galego 2005-2006
Autor: Xosé Lueiro Lemos En realización
Xéneros na danza
Autores: M.ª Begoña Fernández Acuña (coord.), Carmen Jiménez, Ana Isabel Elvira Esteban, Ezequiel Santos Páxinas: 90 Análise da danza neoclásica, moderna e contemporánea, localización temporal dos tres xéneros, características xerais, historia, evolución e figuras máis salientables.
A danza contemporánea. Unha perspectiva didáctico-creativa
Autora: Branca Novo Rey Páxinas: 96 Traballo que analiza os diferentes conceptos de corpo como instrumento da danza, coas figuras precursoras e fundadoras da danza moderna e contemporánea, coa aplicación terapéutica orientada á integración de colectivos con necesidades especiais e análise de experiencias didácticas que fusionan contidos, procedementos e actitudes da ensinanza da danza e das artes visuais.
A proxección da música galega na Península Ibérica
Autora: Olga Fernández Nogueira Páxinas: 102 Traballo de censo e documentación de cara á proxección da música galega na Península Ibérica que conta con todos os axentes galegos que veñen actuando e poden actuar no futuro para canalizar a actividade musical galega, e cos centros galegos susceptibles de promover os eventos ligados á actividade musical.



PRODUCCIÓN PROPIA

CENTRO DRAMÁTICO GALEGO

Producións

Tarará-Chis-Pum!

A piragua

Noite de Reis. Ou o que queirades

Coproducións

Kamikaze (Pistacatro)

Centro de Creación

Dramática Contemporánea

CENTRO COREOGRÁFICO GALEGO

Produción Propia

Vacuo

Coproducións

Arteaescena (ExperimentaDanza)

30.000 (Pisando Ovos)

Residencias de danza

Arder nun hotel

Arándara

Formación

Música e danza tradicionais

ESCOLA DE ALTOS

ESTUDOS MUSICAIS

Sección de Especialización

Sección de Formación Permanente

O exercicio 2007 supuxo a estabilización
da exhibición dos espectáculos
e das relacións do CDG co territorio
mediante a creación de Espazos CDG

‘A piragua’, produción resultante do primeiro proxecto de autoría
residente, obtivo a aprobación do público e da crítica e deu

1. Centro Dramático Galego

Unidade de produción escénica do Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais, o CDG ten como obxectivo impulsar e vertebrar a creación teatral feita en Galicia. O exercicio 2007 supuxo a estabilización da exhibición dos espectáculos e das relacións do CDG co territorio por medio da creación de Espazos CDG, un proxecto que comezou a dar os seus froitos no derradeiro trimestre do ano coa estabilidade no número de funcións e nos públicos asistentes aos espazos de exhibición. Así mesmo, en 2007 entraron en funcionamento outras iniciativas deseñadas para as temporadas teatrais da unidade de produción. En primeiro lugar, o proxecto de autoría residente, cuxo obxectivo é impulsar e apoiar a escrita teatral e os escritores teatrais galegos, así como estabilizar a presenza da escrita dramática contemporánea galega nas temporadas do CDG. *A piragua*, o primeiro espectáculo saído dun proxecto de autoría residente, obtivo a aprobación do público e da crítica e deu un pulo notable á continuidade do proxecto nas seguintes temporadas.

Empeñado en impulsar o estudo, a investigación e a experimentación no eido das artes escénicas, o CDG puxo en marcha en 2006 e desenvolveu activamente durante o ano 2007 o Centro de Creación Dramática Contemporánea, nunha aposta por apoiar os nosos creadores na consecución de obxectivos artísticos cada vez máis positivos.

1.1. Producción propia

1.1.1. Resultados xerais

Durante 2007, o Centro Dramático Galego centrou unha parte importante do seu esforzo en estabilizar a exhibición nunha media de 10-13 localidades galegas de referencia, así como en aumentar nelas o número de funcións, creando deste xeito unha oferta máis estable e facendo rendible o esforzo de produción canto á exhibición dos espectáculos fóra do Salón Teatro.

Era necesario, así mesmo, aumentar a porcentaxe de ocupación nas funcións. En dous dos espectáculos conseguiuase folgadoamente elevar esta porcentaxe máis alá do 35%, o que certifica a boa aceptación das montaxes e a tendencia á alza no referente á captación de novos públicos (feito constatado pola enorme aceptación do espectáculo feito para público infantil).

un notable pulo á continuidade desta iniciativa ■

Cadro 36. Distribución dos espectáculos de produción propia

	Funcións	Localidades	Público	Ocupación	Facturación
<i>O regreso ao deserto</i>	4	3	625	35,84%	2.930,80
<i>Tarará-chis-pum!</i>	46	10	10.267	61,91%	20.245,64
<i>A piragua</i>	37	13	4.729	35,61%	12.531,00
<i>Noite de reis</i>	36	10	9.360	61,46%	37.675,70
Total	123	36	24.981		73.383,14

1.1.2. Producións

O regreso ao deserto

Autoría: Bernard-Marie Koltès

Dirección: Cristina Domínguez Dapena

Elenco: Luísa Merelas, Celso Parada, Toni Salgado, Rocío González, Alberto Rolán, Ursia Gago, Josefa Barreiro, Pilar Pereira, Manuel Areoso, Robert Matthews, Mohamed Azibou, César Goldi, Alfredo Rodríguez, Vicente Montoto

Sinopse: Tras 15 anos de exilio en Alxeria, Matilde regresa cos seus fillos á súa vila natal, nunha provincia francesa, para instalarse na casa que herdara do seu pai e coa firme intención de vingarse da súa familia e da sociedade burguesa que a rodea por un pasado de agravios e inxustizas. Desde o primeiro momento da súa chegada, comeza o enfrontamento co seu irmán Adrián, que se apropiou da casa familiar na súa ausencia.

Estrea: 20 de outubro de 2006 no Salón Teatro de Santiago.

Funcións en 2007: 4 (35 en total)

Ribadeo (Auditorio Municipal, 7 de xaneiro), Vigo (Centro Cultural Caixanova, 13 de xaneiro) e Narón (Auditorio Municipal, 19 e 20 de xaneiro).

Tarará-Chis-Pum!

Autoría: Santiago Montenegro

Dirección: Artello - Teatro Alla Scala 1:5 (Rosa Hurtado e Santiago Montenegro)

Elenco: Anabel Gago, Avelino González, Bea, Noemí Rodríguez, Fran Peleteiro, Manuel Polo, José Carlos Illanes

Sinopse: Unha compañía de actores conta a historia dunha rapaza, pequena aprendiz de pallasas que perde o riso na escola. Para encontralo, emprende unha viaxe fantástica que a levará a percorrer espazos como un mercado, o fondo do mar, o bosque ou mesmo a lúa. Estreado orixinalmente en 1973 por Artello, *Tarará-Chis-Pum!* foi o primeiro espectáculo profesional de teatro infantil feito en Galicia que o CDG recuperou mantendo no esencial a súa estrutura dramática e, sobre todo, o espírito de creación colectiva.

Estrea: 2 de febreiro de 2007 no Centro Cultural Caixanova de Vigo.

Funcións: 46

Vigo (Centro Cultural Caixanova, 2-4 de febreiro), As Pontes de García Rodríguez (Cine Alovi, 7-9 febreiro), Ferrol (Teatro Jofre, 15-17 febreiro), Ourense (Teatro Principal, 22-24 febreiro), Xixón (Teatro Jovellanos, 26 febreiro), A Coruña (Fórum Metropolitano, 28 febreiro, 1, 2, 3 e 5 marzo), Santiago de Compostela (Salón Teatro, 7-31 marzo: 5 funcións semanais), A Estrada (Teatro Principal, 11 e 12 marzo), Narón (Auditorio Municipal, 20 e 21 marzo) e Foz (Auditorio Municipal, 24-28 marzo).

Con 'A piragua' e
aceptación das

A piragua

Autoría: Cándido Pazó

Dirección: Cándido Pazó

Elenco: Xosé Manuel Olveira «Pico», Susana Dans, Iolanda Muíños, Marcos Orsi, César Goldi, Ricardo de Barreiro, Marián Bañobre

Sinopse: Partindo dunha anécdota calquera, como a dun veciño que garda unha piragua no seu garaxe, enfiase un discurso dramático que traslada ao espectador a liña argumental esencial que verdadeiramente sustenta a proposta escénica: a violencia doméstica. Cunha visión sutil e diferente, afastada conscientemente de teses moralistas, Cándido Pazó configura un relato cómico e transcendente que convida o espectador a reflexionar sobre esta lacra social.

Estrea: 13 de abril de 2007 no Salón Teatro de Santiago de Compostela.

Funcións: 37

Santiago de Compostela (Salón Teatro, 13 abril-13 maio: 5 funcións semanais), Ourense (Teatro Principal, 17 maio), Vigo (Centro Cultural Caixanova, 19 maio), Lalín (Novo Salón Teatro, 24 maio), Tui (Teatro Área Panorámica, 31 maio e 1 xuño), Vilagarcía de Arousa (Auditorio Municipal, 6 xuño), Pontevedra (Pazo da Cultura, 8 xuño), Ribadeo (Auditorio Municipal, 10 xuño), Carballo (Pazo de Cultura, 14 xuño), Cangas (Auditorio Municipal, 16 xuño), O Barco de Valdeorras (Teatro Lauro Olmo, 22 xuño), Narón (Auditorio Municipal, 29 e 30 xuño) e A Coruña (Teatro Colón, 7 xullo).

Noite de Reis. Ou o que queirades

Autoría: William Shakespeare

Dirección: Quico Cadaval

Elenco: Suso Alonso, María Bouzas, Xan Cejudo, Marcos Correa, Susana Dans, Borja Fernández, Bernardo Martínez, Rebeca Montero, Víctor Mosqueira, Simone Negrin, Xosé Manuel Olveira «Pico», Ramón Orenco e Marcos Orsi

Sinopse: Comedia de ambientación mediterránea sobre o amor e as tolemias e baballadas que este nos leva a facer. A acción comeza cando Sebastián e Violeta, irmáns xemelgos, naufragan ante a costa de Iliria. Violeta consegue chegar case sen vida á praia coa axuda de Festas, bufón da corte do duque Orsino. Ela cre que Sebastián morreu. Vestida de home e facéndose pasar por un paxe novo co nome de Cesáreo, pasa a servir na corte do duque Orsino que está «poética, apaixonada e desesperadamente namorado» da aflixida Lady Olivia, que o rexeita continuamente.

Estrea: 28 de setembro 2007 no Salón Teatro de Santiago de Compostela.

Funcións: 36 en 2007 (43 en total)

Santiago de Compostela (Salón Teatro, 28 setembro-21 outubro: 5 funcións semanais), Ourense (Teatro Principal, 25-28 outubro), Carballo (Pazo da Cultura, 31 outubro), O Barco de Valdeorras (Teatro Municipal Lauro Olmo, 8 e 9 novembro), Ferrol (Teatro Jofre, 15-18 novembro), Vilagarcía de Arousa (Auditorio Municipal, 23 e 24 novembro), Tui (Teatro Área Panorámica, 30 novembro), Vigo (Centro Cultural Caixanova, 4 e 5 decembro), Ribadeo (Auditorio Municipal Hernán Naval, 15 decembro) e Pontevedra (Pazo da Cultura, 20 e 21 decembro).

‘Noite de Reis’ subiu a ocupación máis do 35%, certificando a boa montaxes e a tendencia á alza na captación de novos públicos ■

1.1.3. Coproducións

Kamikaze [Pistacatro]

Autoría: Hernán Gené e Pistacatro

Dirección: Hernán Gené

Elenco: Antón Coucheiro, Borja Fernández,
Xabier García, Manuel Lago, Alfonso Medina,
Pablo Reboleiro e Natalia Outeiro

Sinopse: A homenaxe pola morte do Sr. Kamikaze reúne os seus estraños camaradas nunha cerimonia que repiten solemnemente cada ano. Un tipo gris e aburrido chega ali de xeito accidental. Quen era ese morto para merecer tanta honra? Por que despois da morte se celebra tanto a vida? Será que a vida é tamén unha kamikaze?

Estrea: 14 de xuño de 2007 no Salón Teatro de Santiago de Compostela

1.2. Centro de Creación Dramática Contemporánea

O CDC nace para prestar apoio aos creadores na súa exploración de novas linguaxes dramáticas tanto textuais como xestuais. É, ademais, un espazo predisposto a abrir camiños na creación dramática, que leven a contactar con outras disciplinas artísticas para promover un diálogo interdisciplinar, necesario para a renovación escénica.

Nos obxectivos do Centro de Creación Dramática Contemporánea están:

- O fomento do intercambio de coñecementos e a apertura dos nosos creadores a outras experiencias escénicas, no ámbito nacional e internacional.
- O apoio a proxectos de investigación en novas linguaxes escénicas.
- O achegamento a outras disciplinas artísticas que hoxe en día comezan a estar ligadas ás artes escénicas.

Pistas para unha dramaturxia da actualidade

En novembro de 2007 rematou o primeiro curso do Seminario Permanente de Escrita Teatral que leva por título *Pistas para unha dramaturxia da actualidade*.

Dirixido polo autor residente Cándido Pazó, polo obradoiro pasaron 11 alumnos e tres autores convidados. Nel escribíronse seis textos escénicos, cos que se realizou unha lectura colectiva.

O Centro de Creación Dramática Contemporánea revelouse como

espazo predisposto a abrir

O obxectivo de estabilizar este seminario nunha segunda convocatoria viuse superado amplamente: no mes de novembro deu comezo o segundo curso, dirixido tamén por Cándido Pazó e no que están a participar 15 alumnos (previa selección), que reciben formación e asesoramento de catro autores de recoñecido prestixio convidados a traballar cos eles.

A escena aumentada: Galicia

Dada a crecente importancia das novas tecnoloxías nos discursos escénicos contemporáneos de referencia, en novembro de 2007 o CDG puxo en marcha *A escena aumentada: Galicia* coa finalidade, dunha banda, de impulsar e animar os nosos creadores á utilización de novos medios, e doutra, de introducir os tecnólogos na investigación escénica. *A escena aumentada* é un espazo no que os creadores poden investigar e teñen un punto de encontro con tecnólogos interesados en aplicar as novas tecnoloxías a procesos de creación. Para levalo a cabo o Centro conta co colectivo Kònik Thtr, que dirixe o laboratorio no que están a investigar profesionais das artes escénicas e da música, así como tecnólogos baseándose na relación da escritura escénica coas linguaxes audiovisuais. Trátase, en definitiva, dunha experiencia interdisciplinar que intercala a instalación e a *performance* e busca a relación entre movemento, palabra, vídeo, son e datos dixitais xestionados en escena a tempo real.

Actualmente, 13 alumnos (previa selección) están a traballar na investigación xunto a dous membros do colectivo Kònic, a galega Rosa Sánchez e o francés Alain Bauman.

Este laboratorio conta coa cofinanciación da Consellaría de Innovación e Industria e a colaboración da Vicerreitoría de Cultura da Universidade de Santiago de Compostela e do Centro Coreográfico Galego.

1.3. Salón Teatro

O Salón Teatro consolidouse durante 2007 como espazo referente na exhibición das artes escénicas na cidade de Compostela. Ademais da exhibición dos espectáculos de produción propia e das coproducións, no Salón Teatro púidose ver unha coidada selección de propostas de artes escénicas nacionais e internacionais, cunha especial atención a espectáculos en fala portuguesa.

Cun total de 113 días programados e unha ocupación que superou o 50%, o espazo que xestiona o CDG cumpriu os seus obxectivos en ocupación, facturación e visibilidade tanto na cidade como en todo o país, xa que algúns dos seus ciclos e espectáculos mobilizaron espectadores de toda Galicia.

camiños na creación dramática e a promover o diálogo interdisciplinario ■

Cadro 37. Exhibición no Salón Teatro

Compañía	Espectáculo	Funcións	Esp./Func.	Fac./Func.
Centro Coreográfico Galego	<i>Vacuo</i>	4	211,50	1.063,50
Circolando	<i>Quarto interior</i>	2	94,00	380,50
Rui Horta	<i>Bones & Oceans</i>	2	37,50	155,50
Marta Carrasco	<i>J'arrive</i>	2	78,00	331,00
Ur Teatro	<i>El chico de la última fila</i>	2	104,00	417,00
Alleretour	<i>Ellas</i>	2	33,50	219,00
Teatre Lliure	<i>Last chance</i>	2	88,00	419,50
Pedro Coello	<i>Fragments</i>	1	30,00	231,00
La Zaranda	<i>Los que rien...</i>	2	59,00	323,00
Manuel Rodeiro	<i>Fende-lo son</i>	1	81,00	195,00
Teatro de Ningures	<i>Emigrados</i>	2	230,50	563,00
Drumming	<i>Un tributo a Frank Zappa</i>	1	135,00	690,00
Rayo Malayo	<i>Los olvidados</i>	1	30,00	179,00
Lagarta Lagarta	<i>As últimas láas</i>	2	83,50	268,00
Centro Dramático Galego	<i>Tará-chis-pum!</i>	19	184,74	487,42
Centro Dramático Galego	<i>A piragua</i>	23	108,61	278,52
ExperimentaDanza	<i>Arteascena</i>	2	125,00	233,00
Sinsal	<i>A Hawk and a Hacksaw & The Hun Hangár Ensemble</i>	1	78,00	606,00
Pisando Ovos	<i>30.000</i>	2	173,50	170,50
Sinsal	<i>Hanne Hukkelberg</i>	1	127,00	778,00
Matarile Teatro	<i>Truenos & misterios</i>	2	70,50	168,00
Pistacatro	<i>Kamikaze</i>	4	228,75	583,00
Sinsal	<i>Tunng</i>	1	111,00	747,00
Centro Dramático Galego	<i>Noite de Reis. Ou o que queirades</i>	17	189,70	854,54
Berrobambán	<i>Boas noites</i>	1	257,00	244,00
Teatro do Atlántico	<i>A bombilla máxima</i>	2	112,00	603,00
Ancora Produccións	<i>Medidas preventivas</i>	2	32,50	139,00
Compañía Enrique Díaz	<i>Seagull play</i>	2	44,00	176,00
Compañía Paulo Ribeiro	<i>Malgré nous, nous étions là</i>	2	51,50	270,00
Apriori Producciones	<i>Casi Romeo y Julieta</i>	1	167,00	708,00
Compañía Musical Teatral	<i>Andakibebé</i>	1	173,00	528,00
Galitoon	<i>Golulá</i>	1	224,00	894,00
Sapristi	<i>Ao son das cousas</i>	1	190,00	936,00
Total	33	113	142,44	489,57

Cun total de 113 días programados e unha ocupación superior ao 50%,
o Salón Teatro cumpriu os seus obxectivos en ocupación, facturación

2. Centro Coreográfico Galego

O 2007 foi un ano crucial para o Centro Coreográfico Galego, marcado pola confluencia da súa temporada inaugural 2006-2007 coa de consolidación 2007-2008. Durante a primeira delas, o CCG iniciou o seu funcionamento a prol do desenvolvemento integral no ámbito da danza contemporánea en Galicia coa posta en marcha de diferentes liñas de actuación dirixidas tanto aos artistas como á cidadanía.

Así, o Centro apoiou a creación artística coa estrea e distribución da súa primeira produción propia –*Vacuo*– e de senllas coproducións coas compañías ExperimentaDanza e Pisando Ovos, ademais de promover a investigación mediante o acollemento de dúas residencias artísticas e de organizar diferentes accións formativas dirixidas aos profesionais e aos cidadáns, sempre coa ollada posta na creación de novos públicos e na fidelización dos xa existentes. Tamén en 2007, comezouse a traballar no proceso de produción das que serían a súa segunda produción, *Kiosco das almas perdidas*, e terceira coprodución, *Negro*, ambas estreadas no mes de febreiro de 2008.

O CCG conseguiu, deste xeito, converterse nun espazo de encontro dos artistas e destes co público, mellorando as condicións dos profesionais do sector, atendendo as súas demandas e ofrecéndolles novas oportunidades de expresión e difusión da súa arte, sempre na procura dunha maior proxección social da danza.

e visibilidade, tanto en Santiago de Compostela como no resto do país ■

2.1. Producción propia

2.1.1. Producción

De acordo co seu labor de apoio á creación e á difusión da danza, unha das liñas de traballo fundamentais do CCG consiste na produción dunha obra por temporada, para a que conta cun coreógrafo convidado co fin de enriquecer as experiencias e os procesos creativos con novas e diferentes influencias e metodoloxías de traballo.

A primeira peza producida polo Centro foi *Vacuo*, dirixida pola ourensá Maruxa Salas, quen retornou de Madrid para o desenvolvemento deste proxecto. Coa posta en escena desta peza inaugural, estreada o 6 de xaneiro no Teatro Rosalía Castro da Coruña, culminaron catro meses de creación e ensaios durante os que o equipo artístico deu forma a unha proposta interdisciplinar sobre os sentimentos, as emocións e o ciclo vida-morte-vida.

Quince bailaríns interviñeron nesta composición coreográfica, e participaron tamén nos ensaios públicos organizados en diferentes espazos abertos. Esta primeira produción culminou o 7 de xullo tras unha xira durante a que se ofreceron 30 funcións en 25 escenarios dentro e fóra de Galicia, ás que asistiron 6.500 espectadores.

A finais de 2007 comezou, ademais, o proceso de produción da segunda obra do Centro Coreográfico Galego, *Kiosco das almas perdidas*, dirixida polo coreógrafo catalán Roberto Oliván e con música en directo de Mercedes Peón, que foi estreada o 29 de febreiro de 2008 na Coruña.

Cadro 38. Distribución dos espectáculos de produción propia

	Funcións	Localidades	Público	Ocupación	Facturación
<i>Vacuo</i>	30	25	6.500	48,12%	26.617,85

‘Vacuo’, primeira produción propia do Centro Coreográfico Galego, tivo 30 funcións e 6.500 espectadores durante unha xira de 6 meses

Vacuo

Autoría e dirección: Maruxa Salas

Elenco: María Pilar Abaurrea,
Pablo Aradillas, Lorena Ballesteros,
Elena Conesa, Alexis Fernández «Macá»,
Carmela García, Miguel Ángel Llorenç,
Kirenia Martínez, Cristina Miralles,
Gustavo Muñiz, Amparo Novas,
Matilde Pedreira, Ana Beatriz Pérez,
Caterina Varela, Iván Villar

Sinopse: *Vacuo* é unha metáfora...

A natureza, a nosa alma e cada un de nós
mesmos. Existimos pero non vivimos. Deli-
mitamos o noso espazo con medos, preocu-
pacións, prexuízos que enlodan e tinguen
de negro, que nos privan de ver máis aló...
Non temos tempo na nosa vida cotiá de
escoitar e gozar do son da chuvia, esquece-
mos a súa importancia física e espiritual...

Estrea: 6 de xaneiro de 2007 no
Teatro Rosalía Castro da Coruña

Funcións: 31

A Coruña (Teatro Rosalía Castro, 6-7
xaneiro), Santiago de Compostela (Salón

Teatro 12-14 xaneiro), Vigo (Centro
Cultural Caixanova, 20 xaneiro), Narón
(Auditorio Municipal, 2 febreiro),
Vilagarcía de Arousa (Auditorio Municipal,
9 febreiro), Pontevedra (Pazo da Cultura,
16 febreiro), O Barco de Valdeorras (Teatro
Lauro Olmo, 23 febreiro), Tui (Teatro Muni-
cipal Área Panorámica, 2 marzo), Ferrol
(Teatro Jofre, 6 marzo), Lugo (Auditorio
Municipal Gustavo Freire, 10 marzo),
Ribadeo (Auditorio Municipal Hernán
Naval, 11 marzo), Cangas (Auditorio Muni-
cipal, 17 marzo), Ourense (Teatro Principal,
31 marzo-1 abril), Barcelona (Teatro Sat,
13 abril), Arteixo (Auditorio Cívico Cultu-
ral, 26 abril), Carballo (Pazo da Cultura,
27 abril), Valencia (Alt Espai, 30 abril),
León (Antigua Azucarera, 8 xuño),
Oleiros (Auditorio Gabriel García Márquez,
10 xuño), Vilalba (Auditorio Carmen
Estévez, 16 xuño), San Sadurniño (Casa
da Cultura, 17 xuño), As Pontes (Cine
Alovi, 22 xuño), Monforte (Auditorio
Multiúsos, 23 xuño), Viveiro (Teatro Pastor
Díaz, 29 xuño), A Estrada (Teatro Principal,
1 xullo), Ortigueira (*performance* no
Festival de Ortigueira, 6 xullo)

2.1.2. Coproducións

Esta área de traballo xorde con fin de apoiar as compañías e os artistas na consecución de novos obxectivos no desenvolvemento das súas propostas creativas, fomentando a interacción e a colaboración entre profesionais. Con este espírito, o Centro Coreográfico Galego colaborou coas formacións galegas ExperimentaDanza e Pisando Ovos en dúas propostas moi diferentes –*Arteascena* e *30.000*, respectivamente–, aínda que co común denominador da innovación e a investigación na introdución de novos elementos na composición. Ademais das devanditas pezas, estreadas en 2007, a finais de ano e xa na temporada 2007-2008 o CCG iniciou o proceso de coprodución de *Negro*, un traballo intimista dirixido polo coreógrafo canario Daniel Abreu e interpretado por el mesmo xunto con tres bailarinas galegas, que foi estreado o 18 de xaneiro de 2008 no Teatro Ensalle de Vigo.

por 25 escenarios tanto galegos como de fóra de Galicia ■

Arteaescena [ExperimentaDanza]

Dirección: Carlota Pérez

Creación e interpretación:
Carlota Pérez, Danae de la Vega,
José Luis López «Sacha»

Sinopse: A arte créase desde un papel en branco, desde un lenzo, a partir dun anaco de barro ou de planos deseñados, coma se se tratase dun xogo de nenos, dun arquitecto cunha imaxinación incommensurable. As vangardas artísticas nacen da idea de expresar temas socio-políticos nun clima bélico entre dúas guerras, a I e a II Guerra Mundial, e neste apoxeo das artes marcado pola crise existencial do ser humano, o nacemento da máquina... os pintores, escultores e arquitectos falan desde o máis profundo dos seus sentimentos sobre a patria, o ser humano, a velocidade, o mundo apurado, a realidade social... e berran sen medo desde os seus pinceis o que non poden berrar coa súa voz. Isto fai que a arte sexa un medio de expresión infinito e auténtico.

Estrea: 19 de maio de 2007 no Salón
Teatro de Santiago de Compostela

30.000 [Pisando Ovos]

Dirección: Rut Balbís, David Loira
e Damián Muñoz

Elenco: Rut Balbís e David Loira

Sinopse: *30.000* é o resultado de nove meses de traballo, investigación, formación e procura de novos camiños na danza contemporánea que convida a unha reflexión sobre o papel do diñeiro na sociedade actual e das relacións entre os cartos e as persoas.

Estrea: 2 de xuño de 2007 no Salón
Teatro de Santiago de Compostela

O CCG iniciou o seu plan de coproducións con ‘Arteaescena’,
de ExperimentaDanza, e ‘30.000’, de Pisando Ovos, dúas propostas

2.2. Residencias de danza

O programa Artistas en Residencia ten por finalidade apoiar a creación no ámbito coreográfico, ofrecéndolles aos artistas convidados un espazo para a experimentación e a presentación das súas propostas. O CCG pretende, así mesmo, favorecer a investigación no sector da danza e favorecer o diálogo entre esta e outras linguaxes artísticas.

En 2007, o Centro Coreográfico Galego acolleu dous proxectos de residencia, un de creación e outro de investigación, aos que se ofreceron os medios necesarios para o seu desenvolvemento, tanto materiais (dotación económica e espazo de traballo) como de persoal de apoio e promoción.

No programa Artistas en Residencia, o Centro Coreográfico Galego acolleu un proxecto de creación e outro de investigación

Residencia de creación:

Arder nun hotel

Dirección: Uxía P. Vaello

Maio de 2007

Durante catro semanas, Uxía P. Vaello traballou nun só que é parte integrante dun proxecto de danza internacional, e que foi estreado o 24 de xuño en Compostela, no marco do festival En Pé de Pedra. A iniciativa global completouse con outros dous sós realizados, a partir de estímulos similares, por unha artista portuguesa (Joana Bergano) e outra holandesa (Gabriela Tarcha).

Residencia de investigación: Arándara

Dirección: Henrique Peón
e Mercé de Rande

Decembro de 2007

Henrique Peón e Mercé de Rande son representantes de dúas áreas específicas da danza, onde cada un deles achega a súa personalidade. Por un lado, o recoñecemento galego acadado logo dunha longa experiencia no noso país e, por outro lado, a forza galega contemporánea cunha gran proxección nacional e internacional... Neste proxecto, volven a ollada cara ao importante legado artístico da cultura árabe en Galicia.

moi distintas unidas polo trazo común da innovación e a investigación ■

2.3. Formación

O ámbito da formación é un dos piares do proxecto artístico do Centro Coreográfico Galego, non só pola importancia do propio feito formativo no marco de calquera disciplina, senón tamén pola posibilidade de tender pontes con outras entidades, colectivos e eventos vinculados ao sector, co fin de poñer en marcha unha rede de traballo que permita a maior difusión das actividades escénicas.

O programa formativo do CCG oriéntase fundamentalmente a dous colectivos: os profesionais da danza e a cidadanía en xeral. Para os profesionais, en 2007 organizáronse accións formativas de carácter especializado que abordaron diferentes temas, desde a creación coreográfica, improvisación ou a docencia na danza ata contidos máis teóricos como a crítica ou o ensaio artístico. Canto aos obradoiros dirixidos á cidadanía, as actividades pedagóxicas orientáronse cara á sensibilización dos públicos e a fidelización dos xa existentes, ademais de tentar favorecer o interese social por esta arte escénica.

A colaboración con outras estruturas no desenvolvemento das diferentes accións permitiu contar cunha oferta descentralizada, facendo rendibles os recursos existentes e adaptándose ás necesidades reais das diferentes zonas xeográficas do noso territorio.

2.4. Música e danza tradicionais

A música e a danza tradicionais foron obxecto dunha serie de actividades educativas dirixidas fundamentalmente ao ámbito escolar co obxectivo de introducir os escolares na historia e evolución da nosa tradición coreográfica e musical a través de diferentes unidades didácticas adaptadas para cada ciclo formativo. Estes obradoiros, cunha metodoloxía eminentemente participativa, foron impartidos polo persoal do Centro Coreográfico Galego e do Grupo de Música Tradicional do IGAEM.

Máis de 680 alumnos participaron nos obradoiros de formación para

Outros 600 escolares asistiron

Cadro 39. Talleres de formación para públicos

Taller	Profesor	Datas	Espazo	Asistentes
Movemento corporal, naturalidade xestual	Erick Jiménez	19 xaneiro	ESAD (Vigo)	50
		12 febreiro	Centro de Menores Concepción Arenal (A Coruña)	12
		14 febreiro	INEF (Pontevedra)	40
		16 abril	INEF (A Coruña)	25
Érase unha vez a danza	Beatriz Ponlla	19-23 novembro	CEIP Emilia Pardo Bazán (A Coruña)	25
		26-30 novembro	CEIP Présaras (Vilasantar)	33
		4, 11, 13, 18 e 20 decembro	CEIP Teixeiro (Curtis)	52
		3, 5, 10, 14 e 17 decembro	CEIP Vite I (Santiago de Compostela)	27
O mundo da danza nun teatro	Belén Vázquez	12-16 novembro	CEIP Sal Lence (A Coruña)	30
		19-23 novembro	CEIP Montel Touzet (A Coruña)	38
		26-30 novembro	CEIP Da Igrexa (As Somozas)	34
		4, 5, 17, 18 e 19 decembro	CEIP Mosteiro de Caaveiro (A Capela)	29
		10-14 decembro	CEIP A Picota (Mazaricos)	29
Total: 3	3		13	424

Cadro 40. Talleres e concertos didácticos

Taller	Profesor	Datas	Espazo	Asistentes
Coñece a túa música	Carlos Rilo, Suso Vaamonde, Carlos Taboada, Xosé Lois Romero e José Ramón Bugliot	9 novembro	IES Terra de Trasancos (Narón)	48
		16 novembro	CEIP Présaras (Vilasantar)	47
		20 novembro	CEIP San Francisco Xavier (A Coruña)	101
		28 novembro	CEIP Montel Touzet (A Coruña)	42
		3 decembro	CEIP San Xoán de Filgueira (Ferrol)	43
		20 decembro	IES Agra de Leboris (A Laracha)	146
		21 decembro	CPI San Sadurniño (San Sadurniño)	50
		3, 5, 10, 14 e 17 decembro	CEIP Vite I (Santiago de Compostela)	27
A zanfona vai á escola	Suso Vaamonde	8 novembro	IES Terra de Trasancos (Narón)	12
		13 novembro	CPI de Ponte Carreira (Frades)	11
		4 decembro	CPI As Revoltas (Cabana de Bergantiños)	18
		5 decembro	IES Sofía Casanova (Ferrol)	12
		17 decembro	IES Pontepedriña (Santiago de Compostela)	10
		18 decembro	IES Saturnino Montojo (Ferrol)	13
		19 decembro	CPI San Vicente (A Baña)	25
Total: 2	5		15	605

públicos e para profesionais.

aos talleres e concertos didácticos impartidos en centros de toda Galicia ■

Cadro 41. Talleres de formación para profesionais

Taller	Profesor	Datas	Espazo	Asistentes
A responsabilidade do ollar crítico	Claudia Galhos	2-3 xuño	Salón Teatro (Santiago de Compostela)	25
Improvisación. Composición coreográfica	Janusz Subicz	4-8, 14-15 xuño	CCG (A Coruña)	20
Charter* Feler I.F.: Traballo de corpo e voz	Akemi Tekaya	26-29 xuño	Sala Galán (Santiago de Compostela)	15
Curso de produción	Montse Prat	9-13 xullo	Fundación Luís Seoane (A Coruña)	17
Clases de danza clásica académica	Martim Pradom	16-21 xullo	CCG (A Coruña)	13
Metodoloxía de ensinanza para profesores de danza	Martim Pradom	16-21 xullo	CCG (A Coruña)	13
Forza e fragilidade	Iñaki Azpillaga	10-14 setembro	CCG (A Coruña)	20
Ritmo e percusión	Suso Vaamonde e Xosé Lois Romero	8-9 outubro	CCG (A Coruña)	15
Danza, na busca dunha identidade nova	Vicente Colomer e Jaime Díaz	22-26 outubro	CCG (A Coruña)	20
Curso intensivo	Teresa Navarrete e Miguel Marín	29-31 outubro e 1 novembro	Teatro Ensalle (Vigo)	8
Clase maxistral	Teresa Navarrete e Miguel Marín	5 novembro	CCG (A Coruña)	18
Clase maxistral	Teresa Navarrete e Miguel Marín	5 novembro	Conservatorio Profesional de Danza (A Coruña)	18
Clase maxistral	Teresa Navarrete e Miguel Marín	6 novembro	Conservatorio Profesional de Danza (Lugo)	15
Clase técnica de danza contemporánea	Jurij Konjar	16-21 novembro	CCG (A Coruña)	12
Taller con Carmen Werner	Carmen Werner	19-22 novembro	Teatro Ensalle (Vigo)	10
Clase maxistral	Paulo Ribeiro	22 decembro	Sala Galán (Santiago de Compostela)	20
Total: 16	15		7	259

Un total de 40 estudantes recibiron, a través da Sección de Especialización da EAEM, unha formación

3. Escola de Altos Estudos Musicais

Centro para a educación musical xestionado polo IGAEM, a Escola de Altos Estudos Musicais (EAEM) ten como prioridade a formación e perfeccionamento de futuros profesionais galegos da música clásica, así como a organización de diferentes actividades de divulgación musical.

O seu plano de estudos xira en torno a dous departamentos independentes, aínda que complementarios nos seus obxectivos: as seccións de Especialización e de Formación Permanente. Na primeira delas, un total de 19 titores impartiron as 12 especialidades ofertadas en cada un dos dous períodos académicos que confluíron en 2007 (violín, viola, violonchelo, contrabaixo, frauta, óboe, clarinete, fagot, trompa, trompeta, trombón e percusión). A meirande parte destes profesores, xunto cos que imparten as clases de música de cámara, son músicos profesionais da Real Filharmonía de Galicia.

En 2007, o centro contou, así mesmo, coa colaboración doutros recoñecidos profesionais da música ao máis alto nivel que, en calidade de profesores convidados, compartiron a súa experiencia cos alumnos nos diferentes cursos e encontros que se organizaron en ambas as seccións da EAEM.

3.1. Sección de Especialización

Un total de 40 estudantes recibiron clases nesta sección (dous de clarinete, tres de contrabaixo, dous de fagot, dous de frauta, dous de óboe, dous de percusión, dous de trombón, dous de trompa, tres de trompeta, catro de viola, 12 de violín e catro de violonchelo), que ten como prioridade impartir unha formación concreta dirixida á especialización dos alumnos que, cos seus estudos de conservatorio xa finalizados ou cun acreditado dominio instrumental, teñan vocación de se converter en profesionais.

Do 7 ao 11 de maio, a EAEM celebrou ademais as probas de selección para a promoción 2007-2009, consistentes nunhas audicións públicas destinadas a cubrir as prazas vacantes nas diferentes especialidades impartidas, sempre en función das proporcións orquestrais.

avanzada dirixida á especialización que require o exercicio profesional ■

Os alumnos protagonizaron 21 concertos públicos como solistas, en formacións de cámara e como integrantes da Orquestra da Escola de Altos Estudos Musicais

A graduación na Escola supón a superación de dous cursos lectivos, prorrogables a tres de xeito excepcional. Durante este período, os estudantes asisten a sesións individuais, de música de cámara, de práctica orquestral e a clases teóricas, ademais de participar en diferentes sesións maxistras e encontros a cargo de profesionais de prestixio que poden abrirse a músicos e estudantes alleos ao centro a criterio da Comisión Técnica. É o caso, por exemplo, do curso-conferencia de análise musical impartido por José Luis Turina, do que en 2007 se celebraron nove sesións.

O programa formativo contempla igualmente a realización de concertos públicos, de entrada gratuíta, protagonizados polos alumnos, ben como intérpretes solistas, ben en conxuntos de cámara ou como membros da Orquestra da Escola de Altos Estudos Musicais. Neste último caso, as actuacións realízanse baixo a batuta de recoñecidos directores, que previamente desenvolven un importante traballo cos estudantes nas sesións de práctica orquestral. Así, en 2007 os alumnos ofreceron 13 concertos como solistas (5, 12 e 13 de febreiro; 7, 8, 26, 28 e 29 de marzo; 16 de abril; 21, 22 e 23 de maio; e 18 de decembro); dous de cámara (23 e 24 de abril) e seis como parte da Orquestra da EAEM (19 de xaneiro, dirixida por Maximino Zumalave; 16 e 17 de marzo, polo director catalán David Tomás; 5 de maio, por Zumalave e co barítono alemán Christian Hilz como solista; e 13 e 14 de decembro, baixo a batuta de Jordi Mora).

Preto de 40 músicos, tanto estudantes como profesionais,
participaron nos cursos de

3.2. Sección de Formación Permanente

A súa prioridade é completar e actualizar os coñecementos dos profesionais da música, así como realizar un labor de promoción e difusión para favorecer a comprensión musical a todos os niveis. O seu traballo materialízase na organización de diferentes encontros e cursos concretos, dirixidos tanto a estudantes como a profesionais.

Cadro 42. Resumo da programación de cursos

Curso	Profesor	Datas	Asistentes
Composición	Antón García Abril	19 xaneiro, 13 febreiro, 6 marzo, 3 abril, 15 maio, 5 xuño, 10 xullo, 9 outubro, 6 novembro e 11 decembro	11
Piano e cámara con piano	Alexander Gold	5 marzo-21 maio	4
VI Festival de Contrabaixo Ludwig Streicher	Christoph Filler, Carlos Méndez, Roberto Terrón, Damián Arenas, Alfonso Morán, Ángel Gago, Lorenzo de los Santos e Theodor Smeu	6-13 xullo	22
Total	10		37

composición, piano e contrabaixo da Sección de Formación Permanente ■

ÍNDICE DE GRÁFICOS

Título	Páx.
POLÍTICAS DE FOMENTO DAS ARTES ESCÉNICAS E MUSICAIS	
MERCADOS	
1. Orzamentos totais de programación	18
2. Distribución por disciplinas	18
Rede Galega de Teatros e Auditorios	
3. Evolución global das principais ratios	20
4. Evolución global dos principais indicadores	20
5. Evolución das principais ratios: teatro	20
6. Evolución dos principais indicadores: teatro	20
7. Espectadores por función. Datos acumulados	24
8. Espectadores por función. Evolución mensual	24
9. Facturación por función. Datos acumulados	25
10. Facturación por función. Evolución mensual	25
PROMOCIÓN EXTERIOR	
Axudas á distribución exterior no ámbito das artes escénicas	
11. Distribución exterior por áreas xeográficas (1)	45
12. Distribución exterior por áreas xeográficas (2)	45

ÍNDICE DE CADROS

Título	Páx.
POLÍTICAS DE FOMENTO DAS ARTES ESCÉNICAS E MUSICAIS	
MERCADOS	
1. Evolución global das programacións de artes escénicas e musicais	18
2. Evolución das programacións por disciplinas artísticas	18
Rede Galega de Teatros e Auditorios	
3. Evolución global da contratación na RGTA	19
4. Evolución da contratación de teatro na RGTA	21
5. Evolución dos niveis de contratación das 10 compañías de teatro con maior facturación na RGTA	21-22
6. Evolución da contratación de danza, maxia e música na RGTA	22
7. Comparativa entre os 10 teatros e auditorios con maior e menor nivel de asistencia de públicos	23
8. Evolución dos datos de asistencia de público e facturación da RGTA. Comparativa 2006-2007	24
9. Evolución das axudas a dotacións e investimentos da RGTA	25
10. Proxectos subvencionados na convocatoria de axudas do ano 2007	25
Circuíto privados	
11. Programación da Rede Galega de Salas	27
12. Evolución das axudas directas a salas de titularidade privada	27
13. Evolución dos ingresos e gastos medios das salas de titularidade privada	27
14. Evolución dos datos de asistencia de público e facturación da RGS	27
15. Programación da Rede Galega de Música ao Vivo	28
16. Evolución dos datos de asistencia de público e facturación de RGMV	28

APOIO Á ACTIVIDADE ESCÉNICA E MUSICAL

Apoio á actividade escénica

17. Evolución global das axudas á produción/actividade escénica	32
18. Evolución por subsectores das axudas á produción/actividade escénica	33
19. Proxectos subvencionados na convocatoria 2007	33-35
20. Evolución económica das empresas do sector	36

Apoio á actividade musical

21. Proxectos subvencionados na convocatoria de axudas do ano 2007	37
22. Evolución dos ingresos e gastos medios das empresas solicitantes	37

Desenvolvemento empresarial

23. Accións de desenvolvemento empresarial	38
--	----

Plan de formación

24. Plan de formación 2007	39
----------------------------------	----

Fomento do asociacionismo profesional

25. Evolución das axudas ao asociacionismo profesional	40
26. Proxectos subvencionados na convocatoria de axudas do ano 2007	40

PROMOCIÓN EXTERIOR

Axudas á distribución exterior no ámbito das artes escénicas

27. Evolución global das axudas á distribución no ámbito da actividade escénica	44
28. Compañías subvencionadas	45

Axudas á distribución exterior no ámbito da música

29. Evolución global das axudas á distribución no ámbito da música	46
30. Empresas subvencionadas	46

MEDIDAS DE APOIO

Comunicación social

31. Accesos á páxina web do IGAEM	48
32. Descargas directas do boletín <i>e_scena</i> por medio da web do IGAEM	48

Publicacións

33. Títulos publicados	50-51
------------------------------	-------

Prospectiva

34. Estudos propios	52
35. Outros estudos	53

PRODUCCIÓN PROPIA

CENTRO DRAMÁTICO GALEGO

36. Distribución dos espectáculos de produción propia	58
37. Exhibición no Salón Teatro	62

CENTRO COREOGRÁFICO GALEGO

38. Distribución dos espectáculos de produción propia	64
39. Talleres de formación para públicos	69
40. Talleres e concertos didácticos	69
41. Talleres de formación para profesionais	70

ESCOLA DE ALTOS ESTUDOS MUSICAIS

42. Resumo da programación de cursos	73
--	----



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA
E DEPORTE

IGAEM

instituto galego
das artes escénicas
e musicais